

**MEMORIA ANUAL**

**CURSO ESCOLAR**

**2017-2018**

**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN**

## ÍNDICE

1.- Introducción

2.- Obxectivos xerais

2.1. Avaliación individualizada en 3º de primaria

2.2. Concreción anual do Plan de Introducción das TIC

2.3. Concreción anual do Plan Lector

2.3.1. Grao de cumprimento dos obxectivos

2.3.2. Dinamización da biblioteca escolar

2.3.3. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas

2.3.4. Itinerarios lectores

2.3.5. Actividades

2.3.6. Ler en familia

2.3.7. Avaliación

3.- Memorias dos equipos docentes de nivel/ciclo

3.1. Educación Infantil

3.2. Primeiro e Segundo curso de primaria

3.3. Terceiro e Cuarto curso de primaria

3.4. Quinto e Sexto curso de primaria

4.- Equipo de Dinamización Lingüística

5.- Introducción á Robótica educativa en primaria

6.- Comisión de Coordinación Pedagóxica

7.- Departamento de Orientación

7.1. Memoria Aula Específica Educación Especial

8.- Comisión de Convivencia

9.- Biblioteca

9.1. Organización e xestión da biblioteca

9.2. Dinamización e promoción dos recursos.

9.3. Formación de usuarios e educación documental

9.4. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector de centro

10.- Memoria da Comisión TIC

11.- Memoria EACE

11.1. Memoria das actividades de inglés

11.2. Memoria das Actividades Complementarias

11.3. Memoria do Horto Escolar

11.4. Memoria da Comisión de Teatro

12.- Memoria dos Servizos Complementarios

12.1. Transporte escolar
12.2. Servizo de Comedor Escolar, Programa Madrugadores e Actividades Extra-escolares
12.2.1. Servizo de Comedor Escolar e Madrugadores
12.2.2. Actividades Extra-escolares
12.2.2.1. Actividades deportivas do Concello
13.2.2.2. Actividades adicionais do curso 2017-2018
13.- Situación das instalacións e equipamentos
13.1. Actuacións realizadas polo Concello
13.2. Actuacións realizadas pola Consellería de Cultura, Educación e O.U
13.3. Actuacións realizadas polo propio centro
13.4. Actuacións realizada polo centro en colaboración coa ANPA
14.- Memoria Programa Educación Responsable – Ano 1
15.- Libros de texto e material complementario
ANEXO I (LIBROS DE TEXTO)

## 1.- INTRODUCCIÓN

Finaliza o curso escolar 2017-2018, coa inauguración dos aseos de nenos e nenas no patio cuberto de educación primaria e do aseo adaptado para persoas con mobilidade reducida.

O alumnado de 5º e 6º cursos de educación primaria que participou no Proxecto E-Dixgal de libro dixital empregando a plataforma virtual de aprendizaxe EVA, estreou novos ordenadores persoais de tipo convertible modelo Probook x360 G1 EE, co seu correspondente maletín, cargador e punteiro.

Igualmente o profesorado con docencia nos grupos de 5º e 6º cursos de educación primaria pertencentes ao Proxecto E-Dixgal tamén contou cun ordenador portátil de uso persoal co seu correspondente maletín e cargador, marca HP Probook 450 G4.

O Proxecto Abalar continuou co seu desenvolvemento nas aulas de 5º e 6º curso de educación primaria como apoio tecnolóxico para o funcionamento do Proxecto E-Dixgal. Os armarios de carga dos ultraportátiles presentaron fallos de conexión eléctrica nalgunha das súas tomas e ademais non serven para o almacenamento dos novos portátiles do alumnado, o que lles obrigou a levalos diariamente para as súas casas e traelos cargados completamente para o seu uso o día seguinte na aula. Esta situación provocou que unha parte das familias do alumnado se negase a participar nestas condicións de préstamo, motivo polo cal os seus fillos continuaron a usar os vellos netbooks. Algúns videoproxectores precisaron do cambio das lámpadas por ter esgotada a súa vida útil.

Por outra parte, grazas ao convenio de colaboración coa ONG Axuda en Acción, o alumnado de 5º e 6º de educación primaria traballou gratuitamente coa ferramenta dixital Smartick para o reforzo das matemáticas.

O alumnado de 5º curso de educación primaria participou no marco do Programa GEN10S nun proxecto de Axuda en Acción, coa colaboración de Google.org, cuxo obxectivo é educar en programación aos nenos e nenas no noso país para fomentar unha maior igualdade de oportunidades no aproveitamento da contorna dixital e reducir as barreiras socio económicas e de xénero.

Por outra parte o alumnado de 4º e 5º cursos de educación primaria participou nas actividades prácticas desenvolvidas no marco do Curso de Introducción á Robótica Educativa, mediante sesións semanais coordinadas polo mestre Diego A. López Rodríguez, contando coa colaboración dos respectivos titores.

No actual curso escolar continuouse co obradoiro “Danzarte” en 4º e 6º de primaria, que permitiu realizar máis actividade física e afondar no coñecemento e práctica das danzas do mundo. Froito do traballo realizado o curso anterior e o presente, o CEIP

Emilia Pardo Bazán participou no evento cultural “Xuntarte: xuntos pola arte”, no que participaron 10 centros educativos públicos conmemorando o Día da Paz e a Non Violencia, con danzas, coros e interpretacións instrumentais.

Continuouse cos proxectos que achegaron ao noso alumnado ao mundo da natureza, tales como o Proxecto de Horto Escolar e Voz Natura.

Co éxito acadado en cursos anteriores no Certame de Teatro Escolar e Afeccionado “Candilejas Don Bosco”, este curso escolar a comisión de teatro declinou participar nunha nova edición, logo do cambio de persoas organizadoras do evento, pasando a ser organizado polo IES Calvo Sotelo. Por este motivo non contamos con espazo teatral para representar a obra do actual do curso que baixo o título de “O proxecto da raíña Berenguela”, polo cal solicitámoslle ao IMCE o espazo escénico do Fórum Metropolitano. A estrea da obra levouse a cabo o día 7 de xuño mediante tres exitosas representacións por parte dos 58 actores e actrices para amosar ao alumnado de educación primaria e ás súas familias.

Así mesmo outros grupos de alumnos/as traballaron intensamente ao longo de todo o curso na realización de obras teatrais representadas no propio colexio para o resto de alumnado e tamén para as súas familias, como o grupo Bubelas e Bubeliñas.

Mantivemos o compromiso de potenciar a lingua galega nas actividades diarias do centro escolar e participouse na convocatoria anual de Axudas do Fomento do Galego e na convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa no marco do Plan Proxecta que pretendeu involucrar a toda a comunidade educativa dentro dun eixe común que ten como base a promoción da lingua galega, facendo fincapé en dous aspectos principais:

- Dignificar a consideración social da lingua galega, véndoa como un medio de comunicarse cos demais e empregándoa en diferentes ámbitos.
- Promover a normalización do uso da lingua galega entre os distintos membros da comunidade educativa.

Continuouse por segundo ano consecutivo co Proxecto “O meu amigo maior”, participando no apartado de Voluntariado Miúdo do Plan Proxecta que propúxose a interacción de nenos e nenas de idades moi diferenciadas:

- Primeiros anos do 2º Ciclo de Educación Infantil e últimos anos de Educación Primaria (3 anos e 11-12 anos) unhas etapas importantes e significativas no seu desenvolvemento o inicio do 2º ciclo de Infantil e fin de Primaria.

A colaboración da ANPA púxose outra vez de manifesto coa subvención das actividades de teatro en lingua inglesa, das viaxes didácticas do alumnado máis desfavorecido e coa colaboración nas festas de magosto/entroido, volta ao cole e organización da festa de fin de curso.

O grande éxito acadado pola Escola de Nais e Pais (ENP) permitiu ao profesorado asistir a algunha das actividades propostas tales como os obradoiros:

- Disciplina Positiva.
- Trastornos do espectro Autista.
- O cambio a secundaria.

Empregouse o antigo edificio de educación infantil para a realización da totalidade das actividades extraescolares organizadas e xestionadas polo ANPA [Milnen@s](mailto:Milnen@s). As actividades deportivas de iniciación ao deporte de equipo tiveron lugar no Polideportivo Municipal de Los Rosales como en cursos anteriores. Unicamente empregouse a aula de informática para a actividade extraescolar de Robótica dous días á semana. A Biblioteca Escolar mantivo a súa apertura no horario de tarde cunha baixa asistencia do alumnado.

Continuamos coa colaboración coa Universidade da Coruña para a realización do Practicum I-II de Educación Infantil e Educación Primaria. Colaboramos co persoal investigador da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade Pontificia de Salamanca nos seus Traballos de Fin de Grao, así coma con outros estudantes de mestrados doutras universidades españolas que solicitaron a colaboración da nosa comunidade educativa para facer estudos de caso.

Por último debemos facer mención especial ao exitoso desenvolvemento do Proxecto de Educación Emocional en colaboración coa Fundación Botín, o CFR da Coruña e o CAFI.

A participación dos docentes no Curso de Introducción á Robótica Educativa dotou ao centro do equipamento tecnolóxico que permitiu a realización das sesións de Robótica co alumnado de 4º e 5º cursos de primaria. A este equipamento sumouse unha adquisición dun iPad e outro equipamento grazas á subvención de Axuda en Acción.

Coa finalización do actual curso escolar 2017-2018, rematou o primeiro ano de mandato do actual equipo directivo logo de 11 anos ao servizo da comunidade educativa, nos que desempeñaron os seus postos cinco docentes: 1 director, 2 xefes de estudo e 2 secretarios.

## **2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO**

### **◦ Xerais**

Neste curso pretendiamos seguir implementando melloras xerais no centro. A pesares de non contar co persoal requirido pretendiamos comezar un proceso de dinamización global tal e como o entendiamos o ano pasado. A realidade foi que a carga lectiva do profesorado viuse incrementada nalgúns casos, como consecuencia da necesidade de apoiar ao profesorado titor en dous grupos de educación primaria, debido a condutas disruptivas dalgúns alumnos dos respectivos grupos.

Os obxectivos específicos foron os seguintes:

◦ **Específicos alumnado**

- Promover actitudes e valores de honor, respecto e convivencia cara os demais.

EN PROCESO

- Promover hábitos de saúde e consumo responsable. EN PROCESO
- Desenvolver a súa responsabilidade no que se refire ao coidado, limpeza e mantemento de todos os espazos e materiais relacionados co centro e con eles mesmos. EN PROCESO
- Axudar na integración de alumnado de nova incorporación. EN PROCESO
- Potenciar o desenvolvemento das Competencias Básicas. ACADADO
- Reforzar o hábito da lectura para a mellora da comprensión e expresión oral e escrita. ACADADO
- Reforzar o cálculo matemático e a resolución de problemas cotiáns nese campo.

ACADADO

◦ **Específicos familias**

- Facilitar asesoramento ás familias que así o requiran sobre temas educativos do seu interese. ACADADO
- Informar puntualmente de calquera incidencia que implique aos seus fillos ou fillas. ACADADO
- Potenciar a súa colaboración nas actividades do centro. EN PROCESO
- Implicalas nos procesos de ensino-aprendizaxe como parte activa. EN PROCESO

◦ **Específicos profesorado**

- Actuar de xeito que o noso alumnado nos poida tomar como exemplo e referencia persoal. EN PROCESO
- Enfatizar a importancia do traballo coordinado en equipo. EN PROCESO
- Implementar estratexias positivas para o éxito na función titorial. EN PROCESO
- Promover a mellora no uso de TICs para poder implementalas no noso traballo diario. ACADADO
- Revisar e elaborar un novo Proxecto Educativo de Centro. EN PROCESO

◦ **Específicos centro**

- Colaboración coa ANPA Milnen@s, iniciando a Escola de Nais e Pais, se é posible. ACADADO
- Colaboración cos axentes culturais do Concello da Coruña e da Xunta de Galicia. ACADADO
- Participar na formación de alumnado da Facultade de Ciencias da Educación. ACADADO

- Manter e/ou incrementar a colaboración con Axuda en Acción coma fonte de recursos económicos para o desenvolvemento de proxectos interdisciplinares para o noso centro. ACADADO
- **Específicos Administración**
- Desenvolver todas aquelas accións que favorezan o desenvolvemento do centro cumprindo a lexislación vixente. EN PROCESO
- Exixir a dotación de persoal acorde coas necesidades de cada curso escolar. EN PROCESO
- Exixir a realización de obras de mellora nas infraestruturas do centro tales coma:
  - Creación dun aseo para discapacitados. ACADADO
  - Acondicionamento da pista polideportiva inferior. EN PROCESO
  - Completar a reforma das fachadas do edificio de educación primaria. EN PROCESO

## **2.1.- AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA EN 3º CURSO DE PRIMARIA**

Na avaliación individualizada do alumnado de 3º curso de primaria realizada este curso escolar repetiuse o absentismo do alumnado motivado pola decisión dalgunhas familias de impedir a participación dos seus fillos na mesma como medida de protesta e rexeitamento deste tipo de probas. Cun elevado custe organizativo por parte do centro para crear as condicións idóneas de aplicación e corrección, as avaliacións individualizadas LOMCE en 3º fixéronse cun alto absentismo entre o alumnado, 45 %.

## **2.2.- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC**

A incorporación do alumnado de 5º de educación primaria ao Proxecto E-Dixgal sumouse ao traballo co libro dixital do alumnado de 6º curso iniciado en cursos pasados e supuxo un paso adiante no aproveitamento dos recursos TIC do noso centro.

Os problemas co equipamento informático mantivéronse ao longo do curso fundamentalmente derivados do emprego de ordenadores antigos con sistemas operativos Windows XP que non teñen actualización posible ou a causa de ordenadores con escasa memoria RAM. Os problemas derivados dunha inadecuada actuación da persoa contratada para realizar o mantemento dos equipos levounos á decisión de buscar unha nova empresa de mantemento informático.

A presenza do virus de acceso directo en moitos dos ordenadores das salas de profesorado non puido evitarse na súa totalidade a pesares de adquirir 2 licencias de programas antivirus. Por este motivo, a finais do actual curso, decidimos limpar exhaustivamente os equipos e mudar progresivamente ao sistema operativo Linux, instalando nos equipos a maqueta Abalar, así como “conxelar” os PCs das salas de



mestres para evitar estas problemáticas, reservando un cartafol para PROFESORES en cada ordenador.

A finais de curso a ANPA recibiu a donación de 15 ordenadores para a aula de informática en substitución dos equipos sen servizo. Á instalación da maqueta Abalar a están a realizar técnicos da UAC previa solicitude da dirección do centro.

A maiores temos concedida outra donación dun total de 22 ordenadores de sobremesa grazas ao convenio de colaboración con Axuda en Acción. Estes equipos permitirán completar as necesidades da aula de informática para permitir o seu uso axeitado tanto no horario lectivo coma no extraescolar.

A empresa de mantemento informático realizará no período estival un expurgo do equipamento obsoleto para deixar no centro unicamente aquel que teña condicións de uso.

## **2.3.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

### **MEMORIA DO PLAN ANUAL DE LECTURA 2017-18**

#### **Programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro**

##### **1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS**

Consideramos que os obxectivos programados no Plan Anual de Lectura cumpríronse en liñas xerais satisfactoriamente, aínda que hai outros que para acadalos necesitan máis tempo.

##### **2.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

Ver Memoria da B. E.

##### **3.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS**

Dende o curso 2003-2004 levamos a cabo o **“Programa de Lectura Silenciosa Sostida”**. Co tempo fóronse introducindo nalgunhas aulas certas modificacións, como, por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo que combinan coa lectura individual e que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

##### **4.- ITINERARIOS LECTORES**

Seleccionáronse unha serie de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector. Son os seguintes:

###### **Primeiro Curso:**

- “Rata linda de Compostela”. Bernardino Graña

- “Eu conto, ti cantas” e “A festa no faiado”. M<sup>a</sup> Victoria Moreno
- “Tinta”. Paula Fdez. de Bobadilla

### **Segundo Curso:**

- “O lapis de Rosalía”. Antón Cortizas
- “A galiña azul”. Carlos Casares
- “Un tren cargado de misterios”. Agustín Fernández Paz
- “Días de gatos”. Violeta Monreal
- “La canción de Lúa”. Ana Alonso
- “Cartas a Ratón Pérez”. Antonia Ródenas
- “Roñita va al cole”. Bertrand Fichou

### **Terceiro Curso:**

- “O gato fantasma”. Xelís de Toro

### **Cuarto Curso:**

- “Ese no es mi zoo”. Elvira Menéndez
- “Fred Quincalla, o nómade do mar”. Teresa González Costa

### **Quinto e Sexto Cursos:**

- “Muriel”. María Canosa
- “Marea negra”. Ana Alonso
- En inglés:
  - . “New York” e “Let’s celebrate festivals” (5º)
  - . “Edinburgh” e “Great inventions” (6º)

## **5.- ACTIVIDADES**

- **E. INFANTIL:**
  - Continuouse co Proxecto Lector.
  - Sesións diarias de lectura ou achegamento á mesma, nas que se empregaron todo tipo de textos.
  - A principio de curso os alumnos de 4 e 5 anos asistiron a unha actuación da Contacontos Raquel Queizás.
  - Sesión de contacontos en inglés: “Snowball” para o alumnado de 5 anos.
  - Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares
  - Actividades de identificación das etiquetas dos diversos tipos de libros da B. E.
  - Achegamento ao texto xornalístico, en diferentes ocasións.
  - Uso de material multimedia e utilización das novas tecnoloxías na animación á lectura.
  - No grupo “A” de 4 anos implementáronse algunhas das actividades pertencentes ao recurso de “Literatura e emocións”, dentro do Programa

Educación Responsable. Empregáronse os contos “Historia de ratones” e o “Monstruo de Colores”

- Colaboración coas familias: Nalgunhas aulas pediuse colaboración ás familias para mellorar ás bibliotecas de aula.

Tanto as titoras como as profesoras de apoio traballaron o gusto pola literatura a través de actividades plásticas, o encerado dixital interactivo e a lectura de libros.

- **1º e 2º CURSOS:**

- Participación no P.L.S.S.
- Visitas guiadas a B.E., especialmente a principios de curso, para coñecer ou volver lembrar seccións, funcionamento, ...
- Presentacións aos alumnos, en momentos puntuais, de novidades de libros, textos diversos, ...
- Narración de contos, poemas,... polos profesores ou alumnos.
- Lectura diaria nas aulas de todo tipo de textos, unhas veces de xeito silencioso e individual e outras colectivamente.
- Dramatización dalgunhas das lecturas leídas.
- En 1º, lectura de :
  - “Rata linda de Compostela” de Bernardino Graña.
  - “Eu conto, ti cantas” e “A festa no faiado” de M<sup>a</sup> Victoria Moreno
  - “Tinta” de Paula Fdez. de Bobadilla
- En 2º, lectura de :
  - “O lapis de Rosalía” de Antón Cortizas
  - “A galiña azul” de Carlos Casares
  - “Os tres amigos” de Helme Heine
  - “Un tren cargado de misterios” de Agustín Fernández Paz
  - “Días de gatos” de Violeta Monreal
  - “La canción de Lúa” de Ana Alonso
  - “Roñita va al cole” de Bertrand Fichou
- Tamén léronse, tanto en 1º como en 2º dúas antoloxías de textos diversos en galego e máis en castelán.
- Día de Rosalía: Participación neste día coa lectura de poesías da autora nas aulas e un representante de cada grupo que leu pola megafonía uns versos.
- Día da Poesía: Lectura de textos poéticos e realización da actividade “Hai versos para min?”
- Día do Libro: Lectura adaptada do 1º capítulo do Quixote con visionado no encerado dixital. Participación dun alumno por cada aula na lectura por megafonía deste 1º capítulo.
- Día das Letras Galegas: Lecturas de textos e actividades sobre a autora deste ano, María Victoria Moreno.
- Realización de actividades plásticas e literarias relacionados coas lecturas mencionadas e outras: Marcapáxinas, murais, actividades de escritura e plásticas.
- Visita guiada á Biblioteca Municipal de Los Rosales por parte dos alumnos de 2º: Nesta visita que levaba por título “Xuizo ao lobo feroz” o tema central era o álbum ilustrado e a lectura de imaxes, dándolle protagonismo aos contos clásicos da literatura infantil.

- Encontros con autores:
    - O alumnado de 1º e 2º, con Iago López como contacontos.
    - O alumnado de 2ª mantivo tamén un encontro literario con Antón Cortizas, autor do conto “O lapis de Rosalía”.
  - Sesión de contacontos en inglés para os alumnos de 2º: “Snowball” .
  - Asistencia a representacións teatrais:
    - Garbancito en la barriga del buey
    - O proxecto da raíña Berenguela
  - Colaboración das familias con aportacións de contos, cómics,... para a biblioteca de aula.
- **3º e 4º CURSOS:**
    - Participación no P.L.S.S.
    - En 3º, lectura do libro:
      - - “O gato fantasma” de Xelís de Toro
    - En 4º, lectura de 2 libros:
      - “Ese no es mi zoo” de Elvira Menéndez
      - “Fred Quincalla, o nómada do mar” de Teresa González Costa
 Despois da lectura de todos estes libros realizáronse diversas actividades.
    - Encontros con autores:
      - O alumnado de 3º con Xelís de Toro
      - O alumnado de 4º con Teresa González Costa
      - Sesión de contacontos en inglés: Cinderella
    - Asistencia a representacións teatrais:
      - O proxecto da raíña Berenguela
      - “A Librería”
      - Sesión de contacontos en inglés para 4º EP: “Labyrinth”
- **5º e 6º CURSOS:**
    - Participación no P.L.S.S.
    - Traballáronse todas as actividades propostas na P.X.A. para o Plan Anual de Lectura, que o Ciclo valora positivamente.
    - Combináronse nas diversas titorías distintas modalidades de lectura: dramatización, lectura colectiva, lectura silenciosa, recitación,...
    - Lectura en 5º e 6º dos libros:
      - “Muriel” de María Canosa
      - “Marea negra ” de Ana Alonso
    - O alumnado de 6ºA tamén fixo a lectura colectiva das pezas de teatro “Cousas de Nadal” e “A librería” para representalas despois diante dos seus compañeiros.

- Lecturas en inglés en 5º: “New York” e “Let’s celebrate , “Festivals”
- Lecturas en inglés en 6º: “Edinburgh”, “Great inventions” e “Life in the desert”.
- Sesión de contacontos en inglés para 6º: “Labyrinth”.
- Encontros con autores:  
 Todo o alumnado de 5º e 6º mantivo encontros literarios cos escritores Ana Alonso e María Canosa.
- Asistencia a representacións teatrais:
  - A raíña Berenguela
- Unha parte do alumnado de 6º acolleuse ao Programa Prensa-Escuela e leron o xornal nas aulas, desenvolvendo logo actividades relacionadas cos artigos lidos.

## • ACTIVIDADES XERAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Ver Memoria da Biblioteca.

## **6.- LER EN FAMILIA**

Animouse ás familias (a través das reunións colectivas ou das titorías individuais) para que colaboraran na consecución do obxectivo de facer lectores pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

## **7.- AVALIACIÓN**

En 1º e 2º curso a avaliación efectuada sobre o Plan Anual de Lectura é positiva. Atópanse algunhas dificultades ao principio do curso nos alumnos de 1º para centrarse nos 20 minutos da “Hora de Ler” pero logo se adaptan á dinámica.

En 3º e 4º estiman en xeral positiva a avaliación.

En 5º e 6º consideran a avaliación positiva. No caso dos alumnos non lectores observaron que prenden máis a atención nas lecturas colectivas e nos encontros con autores.

## **3.- MEMORIAS DOS EQUIPOS DOCENTES DE NIVEL / CICLO**

### **3.1.- EDUCACIÓN INFANTIL.**

O curso 2017-2018 transcorreu con bastante normalidade no ciclo de Educación Infantil.

Continuamos coa novidade do curso pasado do desdobre horario dos tempos de lecer, saíndo ao patio o alumnado de 4 e 5 anos de 11:30 a 11:55 e o de 3 anos de 11:55 a

12:20. As merendas quedaron tamén en horario de 11:30 para os de 3 anos e de 11:55 para os de 4 e 5.

Seguimos vendo a necesidade desta medida en canto á comodidade dos nenos. Sen embargo, este curso foi máis difícil organizar os horarios de gardas de patio, xa que contamos con menos persoas para facelas: as nove titoras, as tres profesoras de apoio, a Orientadora, dúas profesoras de PT e AL, a profesora de relixión católica (os dous días que ven ó noso colexio), dúas profesoras de inglés (dous días e outro alternativo) e a profesora de inglés (3 días). Pasamos de ter 16 persoas dispoñibles todos os días a contar só con 15 e, ademais, a profesora de relixión pasou de vir 3 días ó noso colexio á soamente vir 2 este curso. Por todo isto, as titoras, profesoras de apoio, orientadora e profesoras de PT e AL tivemos que facer, a maiores das gardas normais, unha rotación para cubrir 3 días a semana que quedaban sen vixilancia nalgunha quenda.

É, por tanto, moi complicado cubrir os tempos de lecer cando falta algunha profesora, polo que o vindeiro curso sería doado contar outra vez cunha persoa máis para facer ditas gardas.

Seguimos valorando posibilidades de mellora do patio, polas poucas posibilidades de xogo que ofrece ó alumnado, sendo unha das máis probables a de pintar algún xogo nas paredes ou espazos para pintar con xiz.

Por outra banda, consideramos imprescindible a presenza de máis coidadores no centro para garantir a atención non só do alumnado con necesidades específicas, se non de todos en xeral. A escolarización este curso de 3 alumnos con NEAE no noso ciclo, fixo moi complicado o día a día nas súas aulas, sobre todo nas ocasións en que non contabamos con coidadores para estes alumnos.

Foron salientables as situacións producidas pola ausencia dalgún dos coidadores, ben por enfermidade ou por acompañar a algún grupo a unha saída e quedar, por tanto, un coidador menos para atender ao resto do alumnado con problemas. Nalgún destes casos, tomouse a decisión, polo ben deses alumnos, de avisar ás familias que, en ocasións, optaron por non traer ó seu fillo á escola. Tamén ten ocorrido que a falta de coidadores tivo que ser suplida con profesorado de garda, tendo, en ocasións, que facer este labores que non lle correspondían.

O descontento con esta situación é compartido por todo o ciclo e pensamos que sería preciso un cambio neste sentido, sobre todo, polo dereito de todo o alumnado, con ou sen necesidades educativas, a estar escolarizado en condicións dignas e acordes as súas particularidades.

O período de adaptación para o alumnado de 3 anos transcorreu con normalidade, incorporándose 65 alumnos/as repartidos nos tres grupos. Cun destes nenos do grupo de 3 anos C, realizáronse videoconferencias desde a súa casa con motivo de que non podía

asistir á clase debido á súa enfermidade. A medida que avanzou o curso, tivemos altas e baixas en todos os grupos do ciclo.

Unha vez máis contamos con diversas estudantes facendo prácticas, neste caso nas aulas de 3 anos B e C e 4 anos B.

Ao longo do curso, tiveron lugar ás seguintes actividades ou celebracións:

- O primeiro día lectivo contamos coa actuación da Contacontos Raquel Queizás, que representou o seu espectáculo “Somos iguais” para o alumnado de 4 e 5 anos.
- O 20 de outubro todo o colexio participou na “Vuelta al cole” pola Leucemia Infantil.
- En novembro, novamente participamos na exposición organizada polo equipo de Dinamización Lingüística con motivo do Día Mundial da Ciencia.
- Con motivo do Samaín, expuxéronse na entrada do aulario de infantil, diferentes e orixinais traballos feitos polas familias.
- Celebramos o Magosto o 10 de novembro, co reparto de castañas por parte da castañeira e a realización de zonchos.
- A primeira semana de decembro, con motivo da Semana da Discapacidade, os grupos de 3 anos puidemos desfrutar dun contacontos en Lingua de Signos que veu impartir unha nai do colexio, e todo o ciclo de Infantil escoitamos en concerto a Pablo Díaz.
- O 18 de decembro, o alumnado de 4 e 5 anos asistiu a un espectáculo de teatro en inglés.
- Polo Nadal, decoramos a entrada principal do edificio novamente con axuda das familias, que aportaron unha bola para montar con todas unha gran árbore.
- O 30 de xaneiro celebrouse o Día da Paz de forma conxunta con Primaria.
- Para festexar o Entroido, tivemos o día choqueiro o xoves 8 de febreiro, e participamos no desfile medieval con todo o colexio o venres 9; cada nivel caracterizouse dunha personaxe típica da época da Raíña Berenguela, conectando así esta celebración coa obra de teatro que se prepara para este curso.
- Con motivo do Día de Rosalía, elaborouse unha imaxe xigante da escritora que estivo colocada na entrada do Colexio. Ademais, fixemos unha xuntanza no SUM de Infantil para recitar poesías da autora, na que algunhas das aulas mostraron algún traballo feito sobre Rosalía.
- Este curso todo o ciclo puido asistir a un Concerto Didáctico no Pazo da Opera.
- Letras Galegas: elaboración dun mural con bolboretas saído dun gran libro cun escrito da autora M<sup>a</sup> Victoria Moreno.
- Participamos nas saídas do Concello, asistindo os alumnos de 3 anos ó Parque de Santa Margarida, os de 4 anos a María Pita, e os de 5 ós Xardíns de Méndez Núñez. Valoráronse de forma positiva.

- Como excursións de fin de curso, os de 3 e 4 anos visitaron a Granxa de “O Ventoso” en Laracha e os de 5 a de Aldea Nova, en Narón. Todas tiveron lugar de forma moi satisfactoria.
- O alumnado de 4ºB inicio a súa andadura polo Proxecto do “O meu amigo maior”, emparellándose cos de 5ºA de Primaria. Xuntos, ademais de realizar diferentes actividades ao longo do curso, fixeron o percorrido da andaina “La vuelta al cole”, asistiron a un espectáculo dos Bolechas en Santiago, visitaron o centro de Abegondo, no que tamén desenvolven “O amigo maior” e remataron cunha obra de teatro dos seus grupos “Bubelas e Bubeliñas” chamada “A librería”, que representaron o luns 18 para os 3º, 5º e 6º de primaria e o martes 19 para as súas familias.
- A participación no Horto Escolar non foi tan intensa como outros anos. Nunha das parcelas, o alumnado de 5ºB desenvolveu o Proxecto de “El jardín de Juanita”. Os demais grupos visitaron algunha vez a Horta e realizaron algunha plantación.
- Os grupos 5ºB e 6ºA participaron nun Proxecto de arte coa Fundación Luis Seoane e a Universidade da Coruña.
- Este ano, o CEIP Emilia Pardo Bazán iniciou a súa participación no Programa de Educación Responsable. En Educación Infantil, implementáronse actividades dos recursos de Banco de Ferramentas (Pilar levounas a cabo cun grupo de 5 anos), de Literatura e Emocións (Vicky na súa titoría de 4 anos A) e de Coro de Emocións (Eugenia na súa titoría de 3 anos A). Ao remate do curso, esta clase de 3 anos, xunto cos tres grupos de 5º de primaria, que tamén levaron a cabo a actividade do Coro das Emocións, ofreceron un concerto conxunto as súas familias.
- O 14 de xuño tivo lugar un Obradoiro de Cerámica grazas á subvención do Concello “Ao meu Xeito”, impartido pola ceramista Mar Barral.
- O martes 19 de xuño, a ANPA novamente organizou unha xornada de xogos ó aire libre para todos, con inchables, pintado de caras e xogos musicais. Como xa pasou os anos anteriores, a organización dos mesmos pareceunos moi deficitaria, sobre todo pola impuntualidade, que fixo que os de 5 anos case non tiveran tempo nos inchables por non estar estes preparados á súa hora, e os de 3 anos estiveran a media hora do seu ratiño de baile, sentados esperando para, finalmente, quedar sen esa actividade.
- Para rematar o curso, todo o alumnado e profesorado do colexio fixemos una saída a pé ó Monte de San Pedro. Todos os grupos de Educación Infantil fixeron a actividade acompañados dun grupo de primaria: os de 3 anos cos de 5º, os de 4 anos cos de 6º e os de 5 anos cos de 4º. Alí vimos as actuacións de baile dalgúns rapaces de primaria e merendamos todos xuntos.



## **CARA O VINDEIRO CURSO**

- Revisar a organización de entradas do alumnado no edificio de Educación Infantil. Este curso novamente observamos que hai familias que chegan tarde e, incumprindo a pauta de ir polo de primaria, entran directamente ao noso edificio e deixan ós nenos/as na entrada para que vaian solos ás súas aulas. En ocasión, incluso teñen deixado a algún neno solo unha vez pasado o portón exterior de entrada. Isto parécenos perigoso e por iso queremos pedir axuda para melloralo.
- Seguimos solicitando dotar de teléfono ou algún sistema de comunicación as aulas de Infantil e o SUM, xa que facilitaría moito a intervención en casos de incidentes con algún alumno/a.
- O coidado dos espazos comúns durante o tempo de comedor mellorou en comparación co pasado curso, pero aínda segue a ser deficitario.
- Algunhas aulas precisan con urxencia un cambio nos ordenadores. Están moi vellos e non funcionan axilmente, dando problemas e ralentizando moito, en ocasións, as actividades diarias.
- Ratificamos o exposto o ano pasado respecto dos balancíns:
  - O ciclo considera que o estado dos balancíns do patio é moi malo. Durante todo o curso tivemos problemas con nenos/as que se mancaron neles. A maioría están moi deteriorados por ter moitos anos. En adiante, non queremos que se arranxen balancíns que xa están moi mal, porque o risco de que sigan ocasionando problemas é moi alto. Cando xurda un problema cun balancín, consideraremos dúas opcións unicamente, que se substitúa por un novo ou que se retiren.

### **3.2.- MEMORIA DE 1º - 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

O equipo de profesores de 1º e 2º curso de Educación Primaria realizou ao longo do curso 2017/2018, as reunións previstas no Plan de Centro e as necesarias co fin de se manter informado sobre o tratado nas reunións das distintas Comisións que funcionan no Colexio, así como para tratar temas comúns ao noso labor docente.

#### **DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN**

Conseguíuse un bo resultado, en termos globais, na consecución dos obxectivos recollidos na PXA.

Destacamos os seguintes aspectos:

- Incidiuse especialmente na necesidade de manter a atención por parte dos alumnos, indispensable para o desenvolvemento das actividades escolares, considerando necesario seguir traballando neste aspecto. Destacar que ao longo deste ano a falta de atención aumentou con respecto a outros anos.

- Estimamos que, en termos xerais, se acadaron os obxectivos de adquisición da técnica lecto-escritora, de cálculo e de razoamento lóxico-matemático.
- Utilizáronse as TICs (encerados dixitais), en todas as aulas.
- Traballouse para desenvolver hábitos de respecto e mellora da contorna máis inmediato. Participaron activamente no horto, guiados polos profesores encargados e acompañados polos titores. Tamén se fixeron plantacións nas aulas, que foron transplantadas ao horto.
- Concedéuselle notable importancia ao obxectivo de desenvolver hábitos de cortesía no trato, xa que, un ano máis, detectouse unha grande falta de respecto aos demais e falta de adaptación ao contexto. Para a súa adquisición e interiorización é imprescindible a colaboración familiar, que non é posible en todos os casos.
- Realizáronse actividades nas aulas para traballar a coeducación, habilidades sociais...
- Participouse no Plan de Fomento da Lectura que levou a cabo o centro, mediante o Plan Anual de Lectura. Os resultados son altamente satisfactorios.
- Ao longo do curso, realizáronse distintas actividades e celebracións: Visita a Bonilla e ao Museo de Belas Artes, visita á exposición sobre o cómic na Fundación Abanca, Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Día de Rosalía, rastrillo solidario, Entroido, Día da poesía, os maios, Letras Galegas, actividades de dinamización lingüística (Ilustracións para chapas), Día do Libro, concurso para os Leóns Dourados, teatro, encontros con autores, teatro en inglés para 2º, rutas urbanas e a excursión fin de curso a Xanceda.
- Favoreceuse a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado.

#### METODOLOXÍA E AVALIACIÓN.

Traballouse de forma activa e participativa tendo en conta as capacidades de cada alumno.

Fíxose unha avaliación continua e global valorando a adquisición das competencias básicas, o traballo diario da aula, a súa actitude diante do mesmo, o interese, orde e limpeza na presentación dos traballos.

Contouse con profesorado de apoio, pero non tiña suficiente tempo para atender ás crecentes necesidades.

Por último, consideramos que sería conveniente reflexionar sobre o número de actividades complementarias que se realizan ao longo do curso, tendo en conta que provoca cambios nas rutinas diarias do alumnado que, como dixemos, ten problemas de atención.

### **3.3.- MEMORIA DE 3º - 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Os obxectivos propostos ao inicio do curso -e que figuran na PXA- para 3º e 4º acadáronse algúns e outros só en parte. Un obxectivo importante era potenciar a competencia oral no emprego do Galego. Teremos que seguir traballando nos vindeiros cursos neste obxectivo para normalizar o emprego da nosa lingua en todos os contextos e non só nas clases que se imparten en galego.

Outro obxectivo era mellorar a competencia lectora con medidas como o fomento da lectura, co proxecto do “Plan anual de Lectura”, actividades na aula...traballando individualmente e no grupo clase. Ao longo do curso houbo un progreso significativo neste obxectivo.

“Mellorar a atención do alumnado”: este obxectivo traballouse ao longo do curso e teremos que seguir nos vindeiros cursos xa que a unha parte do alumnado cústalle manter a atención (nos traballos, nas explicacións...)

“Adquirir hábitos de traballo e técnicas de estudo”: outro obxectivo importante que foise acadando, se ben algúns alumnos teñen dificultades.

“A convivencia, a prevención e resolucións dos conflitos, o coidado das instalacións...” Consideramos que acadáronse en gran parte estes obxectivos traballando os valores e as normas de convivencia nas titorías.

Traballamos no Horto Escolar e as saídas de fin de curso tiveron un carácter ecolóxico: un contexto non urbano e relacionado coa natureza. (Muiño do Pedroso e Granxa de Belelle)

Os obxectivos curriculares das distintas áreas lograronse coa maioría do alumnado.

O alumnado de 4º nivel tivo -ao longo do curso- sesións de Danza (materia de libre configuración no centro) así como de Robótica. A experiencia foi valorada positivamente polo profesorado.

O alumnado do 3º nivel levou a cabo a proba de Avaliación Diagnóstica. Como noutros anos a participación foi do 55% (absentismo do 45 %) polo que os resultados non poder ser significativos. A organización dos horarios para facer estas probas repercuten negativamente nos horarios do resto do profesorado e do alumnado.

Ao longo do curso o alumnado participou noutras actividades que non estaban previstas na PXA, como obradoiros de nutrición, estudo dos peixes do Aquarium, ...

### **3.4.- MEMORIA DE 5º - 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Os obxectivos propostos a principios de curso para estes niveis lograronse coa maioría do alumnado, tanto nos aspectos curriculares como en hábitos e actitudes. A excepción prodúcese co primeiro obxectivo previsto, en canto a conseguir que o alumnado preste e manteña a atención e concentración nas tarefas, evite ruídos, permaneza en silencio... que resulta non só difícil de conseguir, senón de manter no tempo, tanto na aula, como nas filas, nos corredores, nos patios, no salón de usos múltiples, nas saídas. Apréciase unha mellora no comportamento durante as entradas e saídas da aula, pero é preciso seguir incidindo nestes aspectos.

Con respecto aos hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acádanse nun grao axeitado. As dificultades máis grandes mostráronas nas estratexias para a resolución de problemas e, en moitas titorías, no cálculo.

En canto ás áreas de lingua resulta máis dificultosa a lectura expresiva, na expresión escrita tamén se aprecian dificultades, na adquisición e/ou incorporación de novo vocabulario, a corrección ortográfica e sintáctica e a axeitada presentación dos escritos de produción propia.

Traballouse, coma sempre, no uso normalizado da Lingua Galega, tanto na expresión oral como na escrita. O alumnado, en xeral, aprecia e valora o galego, aínda que non xeneraliza o seu uso.

O alumnado seguiu a participar nas actividades de Voz Natura.

Seguimos tamén coas actividades propostas no Plan Lector que van explicitadas na memoria do devandito Plan.

Tal como se mencionou nos obxectivos para a PXA, o profesorado destes niveis considera o teatro como unha actividade que contribúe de xeito importante a formación do alumnado. O alumnado deste ciclo participou nas obras de teatro que se representaron. O profesorado colaborou en tarefas de vestiario, maquillaxe... para a posta en escena da obra "O proxecto da Raíña Berenguela".

Seguiu funcionando o grupo Bubelas formado este curso polo alumnado de 5ºA, que se viu reforzado polo grupo de "Bubeliñas", alumnado de 4ºB de EI, dentro do proxecto "O meu amigo maior". Conxuntamente representaron dúas obras de teatro ao longo do curso, unha polo Nadal e outra a finais de curso ("A librería").

O alumnado de 5º e 6º seguiu o curso con libros dixitais a través do proxecto EDIXGAL. A valoración, en xeral, é positiva. O feito de apostar por integrar o libro dixital nas aulas destes cursos supuxo un gran reto e xurdiron certas dificultades pero tamén vantaxes que consideramos debemos recoller nesta memoria:

-Este curso a plataforma estivo activa antes e puidemos acceder, profesorado e alumnado, aos materiais desde o primeiro momento para ir coñecendo as ferramentas e o funcionamento, o que nos permitiu comezar con normalidade. O acceso foi bastante fluído sen presentar moitos problemas

técnicos. A experiencia do cursos anteriores serviu de guía. O cambio de equipos do alumnado supuxo unha mellora significativa.

- O profesorado implicado neste proxecto tivo que aumentar a dedicación e preparación dos diferentes temas e materiais. O uso do libro dixital require un cambio metodolóxico onde o profesor se converte en guía e decide como tratar os contidos dos diferentes temas. Así mesmo, debe ensinar a utilizar Internet de forma segura e responsable. Cremos que o profesorado de nova incorporación á plataforma necesita un tempo de aprendizaxe e adaptación.

- Os contidos dos libros dixitais constitúen unha entorna onde se atopan contidos, recursos, animacións, ligazóns a Internet... que requiren o desenvolvemento de novas competencias para o manexo eficiente da información e temos que destacar o baixo nivel de competencia tecnolóxica que teñen algúns alumnos menos favorecidos para acceder a eses contidos.

- O alumnado aceptou con naturalidade traballar con libros dixitais e resultou motivador pois puideron ter acceso a vídeos, dicionarios, contidos multimedia...

- Tamén favoreceu a adquisición de competencias dixitais e o compoñente audiovisual favoreceu determinadas aprendizaxes.

- Destacamos a potenciación da autonomía persoal, a creatividade e o traballo colaborativo.

- Una vez máis queremos deixar constancia de que os recursos das editoriais Netex e Edebé non se axustan para traballar co alumnado con dificultades de aprendizaxe ou con adaptacións curriculares individualizadas.

O alumnado de 5º de E.P. participou no programa “Introdución á Robótica educativa en primaria” a través de actividades de carácter transversal, como foron a solución de retos en grupo con contidos de matemáticas, linguas e educación musical. Para estas actividades realizadas nas aulas utilizáronse os robots mBot, comezando pola súa montaxe.

O alumnado de 5º tamén participou ao longo do curso no programa GEN10S de programación dixital con Scratch, grazas ao convenio de colaboración con Axuda en Acción. A valoración é positiva. O monitor de GEN10S conectou ben cos grupos creando un bo clima de traballo e de confianza. O traballo en equipo e o xeito de rotar para valorar e coñecer o traballo dos demais foi moi positivo para os nenos.

O alumnado de 5ªA participou no Programa de Educación Responsable co banco de ferramentas. Todo o alumnado de 5º curso de primaria participou no Coro das Emocións.

Todo o alumnado de 5º e 6º participou nun programa dixital de reforzo matemático, SMARTICK, subvencionado pola ONG “Axuda en Acción”. Iniciouse o programa nas aulas, con sesións diarias durante unha semana, para explicar o seu funcionamento, logo continuou o alumnado realizando as sesións no seu domicilio e seguindo o seu propio ritmo. Polo que puidemos observar, uns poucos alumnos realizaron as súas sesións con asiduidade, pero outros moitos aproveitaron pouco o reforzo que se lles ofrecía. Con esta escasa porcentaxe de realización das sesións non se pode valorar a mellora da competencia matemática no alumnado destes cursos.

O alumnado de 6º participou nos obradoiros de danza, realizando unha actuación no centro na celebración dos “maios” na semana das Letras Galegas. Tamén participaron noutros obradoiros de música e instrumentos tradicionais galegos desenvolvidos polo Centro Coreográfico Galego.

Realizáronse as saídas previstas na PXA. Ademais todo o ciclo fixo unha visita ao buque oceanográfico “Ramón Margalef” que celebrou tres días de portas abertas no porto de A Coruña dentro dos actos conmemorativos do 50º aniversario do Centro Oceanográfico de A Coruña. O alumnado de 6º participou nun obradoiro de encadernación impartido por AFEXDI (Asociación para a formación e o emprego de persoas con discapacidade) e nunha charla sobre a publicidade impartida pola nai dun alumno. Tamén visitamos o estadio de Riazor dentro do proxecto de “Escolas 110% Branquiazuis”.

O alumnado de 6º realizou a saída de Fin de Primaria dunha duración de tres días ao albergue de Alvarella Ecoturismo.

O alumnado de 5º realizou unha saída final de curso á Betanzos.

#### **4.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.**

Este curso traballamos conxuntamente os dous equipos para un mellor desempeño das labores e aproveitamento dos recursos materiais e humanos. A valoración deste traballo cooperativo é moi satisfactoria.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) tivo como obxectivo principal seguir potenciando a nosa lingua como linguaxe vehicular útil e promover o coñecemento da nosa cultura e a curiosidade polo coñecemento.

O obxectivo deste curso do EACE foi fomentar a formación e participación de toda a comunidade educativa nas distintas actividades que se realizaron no Centro.

Para cumprir os obxectivos anteriores realizamos moitísimas actividades ao longo do curso, estas actividades foron as propias para as conmemoracións que veñen marcadas no DOG e foron aprobadas na CCP de principio de curso e outras non indicadas no DOG. Faremos a continuación unha relación de ditas actividades.

#### ACTIVIDADES APROBADAS A PRINCIPIO DE CURSO NA CCP:

- 20 novembro “Día Universal da Infancia” AULA
- 25 novembro “Día Internacional contra a Violencia de Xénero”
- 1/11 decembro “Conmemoración da Constitución Estatuto de Autonomía de Galicia” AULA
- 3 decembro “Día Internacional das Persoas con Discapacidade”
- 10 decembro “Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos” AULA
- 30 xaneiro “Día Escolar da non violencia e da Paz”
- 8 marzo “Día Internacional da muller” AULA
- 15 marzo “Día Mundial dos Dereitos do Consumidor” AULA

- 5/9 marzo “Semana da Prensa” Traballar un día con xornais na aula AULA
- 7 abril “Día Mundial da Saúde” AULA
- 23/27 abril “Semana do libro”
- 9 maio “Día de Europa” AULA
- 14/18 maio “Semana das Letras Galegas”
- 5 xuño “Día Mundial do Medio Ambiente”

As non sinaladas e as nomeadas a continuación traballaranse de forma conxunta a nivel de centro.

- Benvida
- Magosto/Samaín
- Nadal
- 4 novembro “Día da Ciencia en Galego”
- Entroido
- 24 febreiro “Día de Rosalía” (con Biblioteca)
- 23 marzo Gorros de Pascua (Inglés)
- Semana 14 maio Letras Galegas + Semana do Teatro
- Festa Fin de Curso

As conmemoracións de aula traballáronse individualmente e por niveis, dependendo das actividades.

#### ACTIVIDADES REALIZADAS:

- Elaboración das programacións de ambos equipos.
- Actualización do proxecto lingüístico de centro.
- Difusión da música galega mediante a megafonía.
- Benvida para o primeiro día de clase.

Para recibir ao alumnado de Infantil e de Primaria realizamos as seguintes actividades:

- Murais de recibimento en ambos edificios.
- Contacontos en Educación Infantil.
- Xogos e talleres para Educación Primaria.

#### **“A VOLTA AO COLE”**

Campaña da Fundación Unoentrecienmil para concienciar e recadar a favor da investigación da leucemia infantil.

Realizouse un percorrido ao redor do Cole o venres 20 de outubro.

O alumnado de maior idade acompañou, vixiou e levou da man ó de menor idade. Isto serviu como experiencia positiva de integración e axuda.

Pediuse ao alumnado e profesorado un donativo voluntario de 1 euro para o dorsal.

As familias e Protección Civil axudáronnos coa vixilancia da marcha.

Esta actividade non foi aprobada na CCP porque xurdiu despois da reunión de dita comisión. Informouse e aprobouse en claustro.

## **SAMAÍN**

Para esta celebración contouse coa importantísima axuda das familias.

Tendo como punto de partida a temática do “MEDO”, o alumnado trouxo da súa casa libros, contos e adornos feitos con materiais de refugallo (pantasma, cabazas, bruxas, arañas,...) para colgar e expoñer por todo o Centro.

Decoración dalgunhas portas de aula.

Dramatizouse a Santa Compañía nalgunhas aulas do Centro.

Tamén se fixeron actividades individuais por aula.

## **MAGOSTO**

Celebrouse o 10 de novembro coas seguintes actividades:

- Decoración dos dous edificios axeitada a dita celebración.
- Creación de colares (na casa) de castañas, zonchos e exposición cos mesmos. Con esta actividade tentamos non perder a tradición e involucrar ás familias.
- Elaboración dunha orla coas fotos dos zonchos para agasallar ao alumnado e diploma para cada un dos participantes en agradecemento polo seu esforzo.
- Elaboración de “pegatinas” para levar postas o día do Magosto toda a Comunidade Educativa.
- Asado e degustación de castañas por parte de toda a Comunidade.
- En EI dramatizouse o conto “Corre, corre cabaciña”, tomamos as castañas e tivemos “festa rachada”.
- En EP degustamos as castañas e tivemos xogos populares.
- Traballamos nas aulas as cancións “Corre, corre cabaciña” e “O Samaín de Uxía Lambona e a Banda Molona. Estas cancións tamén se puxeron na megafonía do Cole.
- Ao final realizamos dous carteis (un cos alumnos de primaria e outro cos alumnos de infantil) onde aparecen os participantes cos seus colares, que foi exposto nos dous edificios e na páxina web.



## **DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

Dado que varios Concellos galegos optaron para ese día polo lema “En negro contra as violencias”, nós tamén nos sumamos a dita iniciativa.

Elaboramos un mural conxunto que simbolizaba un muro coa mensaxe “Ladrillo a ladrillo entre todos construímos unha sociedade sen violencia”. Todo o alumnado participou facendo un ladrillo para colocar no muro.

Tamén se fixeron uns carteis negros con distintos lemas en letras brancas e pegáronse polo chan no corredor de entrada ao Centro. Os lemas foron: “Máis xogos, menos berros”, “Pegar non é un xogo”, “Fala, non pegues”, “Violencia enxendra violencia”, “A educación é a vacina contra a violencia”, “Se usas a forza, perdes a razón”, “Controla o teu non o meu”.

## **NADAL**

Realizamos as seguintes actividades:

- Decoración das portas de tódalas aulas con motivos do Nadal.
- Realización dun gran mural con forma de árbore de Nadal en cada edificio, para dita actividade todo o alumnado aportou unha bola que trouxeron das súas casas.
- Elaboración dunha cheminea no edificio de Educación Infantil.

## **DÍA DA CIENCIA EN GALEGO**

Ao longo do 1º trimestre e con motivo da celebración do DÍA DA CIENCIA EN GALEGO convertémonos en científicos e investigadores e cada aula realizou un experimento científico en galego, para posteriormente presentalo ao resto do colexio. Foi un traballo moi interesante que logo recolleamos nun libro dixital.

## **DÍA DA PAZ**

Celebrámolo o día 30 de xaneiro realizando as seguintes actividades:

- Operación Kilo/Litro en Educación Infantil. Consistiu na recollida de alimentos e produtos básicos de hixiene para doar á Asociación Padre Rubinos.
- Adhesivo dunha pomba da Paz como agasallo recordatorio de dita Operación que se lle entregou a todo o alumnado de Infantil.
- XX edición do Rastrillo Solidario de Xoguetes en Primaria con donativo para A Cociña Económica.

- Actividade conxunta para interpretar a canción “No Mundo” de Luar na Lubre.
- Infantil elaborou un cartel xigante dunha pomba.
- Primaria traballou por ciclos o tema da Fame, das Guerras e da Desigualdade.
- Xuntouse todo o Colexio na pista para cantar a canción e botar nun contedor de lixo os traballos realizados como xeito simbólico de loita contra a Fame, Guerras e Desigualdade ás que fai referencia a canción.

## **ENTROIDO**

O venres de Entroido realizouse o popular desfile cunha temática inspirada na obra de teatro “Nos tempos da Raíña Berenguela”. No desfile puidemos contemplar disfraces de templarios, trobadores, bufóns, damas, cabaleiros, artesáns, mendigos ...

Posteriormente ao desfile fixemos unha degustación de produtos típicos desta festa que moi amablemente aportaron as familias.

O día anterior tamén se celebrou en Educación Infantil o “Entroido Choqueiro”.

Tamén se interpretaron outras pezas de teatro que foron traballadas en distintas aulas. Xunto cos alumnos de Educación Infantil de 4ºB o alumnado de 5ºA de Educación primaria interpretou a peza de teatro: “Se as avoas mandaran”.

Esta é unha boa forma de dar a coñecer a todo o alumnado do centro que é o que fan os seus compañeiros, potenciando o uso da lingua galega oral dunha forma expresiva e lúdica.

## **DÍA DE ROSALÍA**

Para a conmemoración do día de Rosalía de Castro en coordinación co Equipo de Biblioteca Escolar, realizamos a nosa particular homenaxe á figura desta relevante autora, cunha actividade na que participou a maior parte dos integrantes da Comunidade Educativa. Para esta tarefa, seguindo o lema “Abride a fiestra”, confeccionamos 3 grandes lonas para colgar na fachada do edificio. Unha lona é unha foto da escritora galega detrás dunha fiestra, as outras dúas lonas facían referencia ao nome, data ...

Empapeláronse as fiestras dos edificios con debuxos dos nenos facendo referencia á autora.

O alumnado de EI preparou o recitado dun poema por aula e recitouno no SUM para tódolos seus compañeiros, acompañaron este recitado cun cartel referente a cada poesía.

O alumnado de EP recitou o poema pola megafonía do Cole.

Realizáronse tamén dous murais de gran tamaño da figura de Rosalía que presidían a entrada aos edificios.

### **SEMANA DAS LETRAS GALEGAS**

Este ano para conmemorar a celebración das Letras Galegas 2018 dedicada á escritora Victoria Moreno Márquez desenvólvese as seguintes actividades:

Organizamos unha actividade conxunta de decoración para o edificio de Primaria e Infantil, dous murais de libros con bolboretas saíndo deles. En cada bolboreta o alumnado escribiu a palabra que máis lle gustaba en galego e no libro escribiuse unha poesía da autora.

Ao longo da semana traballouse a súa vida e obra nas aulas: unidades didácticas impresas, lecturas, expresión plástica en murais, consulta e busca de información acerca do autor en libros e en páxinas web, descarga de materiais atopados,...

O martes 16 de maio, celebramos o acto das Letras Galegas. Elaborouse un “MAIO” que se mostrou a todo alumnado con acompañamento de danzas típicas do noso folclore e coplas por parte do alumnado de 4º,5º e 6º EP. Toda a celebración estivo acompañada pola música dun gaitero.

Rematamos o acto cando o gaitero tocou unha peza para o agarrado, en parellas.

Chapa conmemorativa cos deseños feitos polos nenos. Entregouse este pequeno agasallo ao alumnado, persoal docente e ao persoal non docente (marca páxinas grazas á colaboración do Seminario Galán).

Por outra banda, aínda que non figuraba no proxecto inicial, publicouse a Revista dixital onde nos convertemos en xornalistas.

### **FIN DE CURSO**

- Actuacións de 6º (EI):

- Obra de teatro: “O caracol pachorrento”.
- Canción “Os dereitos humanos”.
- Canción “A vaca galega.
- Canción “A Primaria vou”.

- Obradoiros de cerámica para todo o alumnado impartido por unha recoñecida artesá.

- Festa de fin de curso organizada pola ANPA en colaboración cos docentes.

- Día de convivencia, saída de todo o persoal ao Monte de San Pedro para facer unha merenda conxunta e uns bailes para amenizar a xuntanza. O alumnado de maior idade tutelou ao alumnado de menor idade baixo a supervisión dos docentes.

## MEMORIA DAS ACTIVIDADES DE INGLÉS 2017 - 2018

Durante o presente curso 2017-2018, o departamento de inglés desenvolveu as seguintes actividades complementarias:

### 1.- Celebracións tradicionais anglosaxoas:

- o Halloween (31 outubro):
  - Xogos tradicionais nas aulas (*Apple Bobbing*)
- o Christmas (Nadal - decembro):
  - Participación no festival de Nadal coa canción “*Santa Claus is coming to town*”
  - Elaboración de postais de Nadal (*Xmas cards*)
- o Easter (Pascua – abril):
  - *Easter egg hunt*: búsqueda dos ovos de Pascua polo patio

### 2.- Charlas e obradoiros de relatores angloparlantes:

Ao longo do curso contamos coa presenza de varios relatores/as anglosaxóns, que desenvolveron as seguintes charlas e/ou obradoiros para alumnos/as de 3º ciclo de Primaria co obxecto de mellorar a súa competencia oral:

- o Comezamos o curso en setembro cun PHOTO CALL moi británico e “*123... magic!!!*”, unha actuación de maxia a cargo de Kenneth Illusionist – 22 setembro
- o “*English around the world*”: charla con Susana Barreiro, quen nos fixo un Pasaporte para o inglés (*Passport to English*) – 28 setembro
- o Declan Mathews, converteunos en irlandeses por un día (“*Irish for a day*”), para que puideramos atopar o tesouro ao final do arco da vella en Saint Patrick’s Day – 22 marzo
- o *Cookery Club*: e tivemos ocasión de cociñar un delicioso postre británico como auténticos chefs: *TRIFLE* con Susana Barros – 8 maio

### 3.- Teatro:

O 18 de decembro asistimos no propio centro ás seguintes representacións teatrais en inglés a cargo da compañía madrileña Face2Face, subvencionadas pola ANPA:

- o “*Snowball*”: 6º Ed. Infantil e 2º de Primaria (2 representacións)
- o “*Labyrinth*”: 4º e 6º de Primaria (2 representacións)

#### 4.- Outras actividades:

- *Reading Club* (cada trimestre): lectura de 3 títulos, 1 por trimestre, adaptados aos diferentes niveis (4º - 5º - 6º de Primaria)
- *Penpals* (ao longo do curso): intercambio de cartas con alumnos/as do colexio St. James’ Church of England Primary School de Manchester (Inglaterra) e de Carlow Educate Together de Carlow (Irlanda)
- *Xmas Jumper Day* (15 decembro 2017): día do xersei de nadal, en colaboración coa ONG Save the Children
- *Phrase and game of the month*: aprendizaxe dun xogo tradicional e dun dito popular británico por mes.

## 5. MEMORIA “INTRODUCCIÓN Á ROBÓTICA EDUCATIVA EN PRIMARIA”

### 5.1. Introducción

No curso 17/18 o CEIP Emilia Pardo Bazán (A Coruña) participou no programa “BÓTalle imaxinación” no que se trataba de desenvolver de xeito transversal o uso da Robótica e a programación. Procuramos que todo o alumnado, independentemente das súas condicións, tivese acceso a estes recursos en horario escolar e puidese adquirir novos coñecementos que lle fosen de utilidade tanto no seu percorrido no centro escolar como na súa vida diaria. Utilizamos metodoloxías activas que favorecesen a implicación do alumnado, que os motivase cara a aprendizaxe.

Nesta memoria recolleemos o traballo que se fixo durante o curso e que pretendemos que sexa o inicio dunha dinámica que sexa relevante na aprendizaxe do noso alumnado.

### 5.2. Profesorado participante

- Salvador Espiñeira Riveiros (Titor)
- María Concepción García Diéguez (Titora/Xefa de Estudios)
- José Manuel García Yanes (Director)
- Estrella Guillán García (Titora)
- Diego Alejandro López Rodríguez (coordinador)
- Alba María Pampín López (Titora)
- Beatriz Ponte Rodríguez (Titora)
- Vanesa Rodríguez Rivas (Titora)

### 5.3. Proxecto realizado

Desenvolveuse en **varias fases** como estaba previsto no proxecto inicial e que pasamos a detallar a continuación.

O profesorado participou no **PFPP “Integración curricular da Robótica e a programación”** na que, ademais de elaborar recursos para o proxecto, recibimos 12 h. de formación sobre o funcionamento do robot para a súa aplicación aos retos e proxectos.

Ao principio de curso solicitamos a **colaboración das familias** para coñecer se algún membro podería participar como relator para os nenos/as de 4º e 5º de E.P. que foron cos que desenvolvemos estas actividades. Unha nai e un pai foron os que elaboraron e explicaron na sala de usos múltiples a [presencia na vida diaria dos robots](#). Outra das tarefas que desenvolvemos foi o deseño e creación de varios apartados na páxina [web do centro](#) nos que ir recompilando os recursos e actividades que fomos executando, estruturándoa nas seccións de información, recursos e actividades.

A maioría das actividades realizáronse nas aulas e relacionándoas de xeito **transversal** coas diversas áreas. Quixemos facer a **presentación do programa de Robótica** ao alumnado desde unha perspectiva artística, así [“Refugabots”](#) foi unha actividade coa que comezamos o traballo na aula para que os nenos/as deseñaran un robot utilizando a estrutura cooperativa “1-2-4” e que logo elaborarían utilizando material de refugallo. As súas obras foron [expostas](#) na entrada do centro durante dúas semanas, para a elaboración do cartel utilizamos unha impresora 3D baseándonos no proxecto [100HEX](#).

Antes de presentar os mBot aos alumnos/as elaboramos dúas **guías** coas que ensinar o proceso de montaxe. A primeira é un [documento](#) impreso e na web realizado a partir da aplicación de IOS do mBot e tamén un [vídeo](#) que gravamos no que se ensina como montar o robot.

A continuación, utilizando os materiais elaborados e os que acompañan o kit de Robótica, o alumnado procedeu á **montaxe e utilización básica dos robots**. Nestas sesións coñeceron o robot e algunhas das posibilidades que ofrece.

Desde o principio procuramos habilitar un espazo no que desenvolver e poñer a disposición de todo o centro os recursos de Robótica e doutra índole que favorecese a creatividade e a colaboración. Utilizamos o antigo comedor do centro para habilitalo minimamente co obxectivo de realizar alí as sesións formativas e organizar os recursos e materiais. Na seguinte fase, que comezará o próximo curso formará parte da B.E. como un **espazo multidisciplinar STEAM**, creativo e de investigación no que desenvolver os proxectos de aula e de centro, e que trataremos tamén que sexa aproveitado por toda a comunidade educativa en horario extraescolar. Durante este curso, co financiamento de Axuda en Acción, mercamos un Ipad, soporte de trípode e seis robots escornabots. Habilitamos 7 mesas con catro e seis cadeiras para o traballo en grupo, unha zona audiovisual croma, pantalla e proxector,

ademais de seis portátiles que achegou o centro; tamén organizamos todos os robots e sensores en gabetas. No segundo e terceiro trimestre realizamos diversas tarefas cos nenos/as neste espazo.

As tarefas que programamos para que o alumnado coñecese as posibilidades do robot, dos sensores que se nos proporcionaron e do programa mBlock foron retos que tiñan que solucionar en equipo. O profesorado participante no proxecto elaborou recursos cos que introducir os retos, que ademais axudasen a comprendelo, tratando de relacionalos coas áreas de linguas, matemáticas, educación musical e ciencias. O **retos** realizados foron [“Coñecemos os actuadores”](#), [“Reto sigueliñas”](#) e [“Reto teclado”](#). Durante o último trimestre nenos/as de 4º prepararon diversos [proxectos dirixidos aos nenos/as de E.I.](#) como un xogo no que os alumnos/as tiñan que resolver *operacións de suma* que aparecían no panel led, *teclados* utilizando o sensor ultrasónico e as luces led, un xogo no que había que seguir ao robot, un circuíto para traballar a *educación viaria*, un “*robot discoteca*” que se movía e tocaba música cando o sensor de luz detectaba un determinado nivel, un xogo para traballar as cores e os números no que o robot, utilizando o sensor ultrasónico, se movía ata un cartón que se levantaba. O alumnado dun grupo de 5º de E.P. elaborou uns proxectos que consistiron na construción duns escenarios, para despois, cos robots como personaxes, poñer en escena e narrar uns contos ao alumnado dun grupo de 4º de E.I.

Nos **recreos** realizamos co alumnado de 4º E.P. uns **obradoiros** de elaboración dunha “[man Robótica](#)” con material cotián no espazo STEAM. Na mesma aula levouse a cabo con alumnado de 3º E.P. un [obradoiro](#) de reciclaxe e medio ambiente con kits de Robótica Lego WeDo que foi ofertado pola Fundación Prosegur a través da proposta Planeta Limpio.

#### **5.4. Conclusións**

A valoración en xeral foi positiva. Centrarémonos en varios aspectos:

**Alumnado:** os nenos/as durante as actividades estiveron moi motivados cara a aprendizaxe, oportunidade que quixemos aproveitar para desenvolver aspectos do currículo e para fomentar o traballo en equipo. De feito moitos deles utilizaron os recreos para afondar e avanzar nos seus proxectos de Robótica ou participar e axudar nos obradoiros. Quizais a temporalización para realizar os retos é un aspecto que temos que revisar, xa que en ocasións o espazo entre sesións foi amplo. Queremos que en próximos cursos se impliquen máis axudando a compañeiros/as que se inician neste traballo dinamizando obradoiros nos recreos. Outro aspecto a destacar é que nos nenos/as de 5ºE.P., que reciben formación en Scratch, houbo unha gran transferencia no desenvolvemento dos retos no momento de utilizar e comprender a programación dos robots. Un aspecto que temos que definir e desenvolver é como contribúe este traballo no desenrolo dos obxectivos de cada unha das áreas do currículo.

**Profesorado:** consideramos que, despois de participar no PFPP e recibir formación de xeito presencial durante este curso, debemos continuar en próximas edicións. Debemos continuar coa aprendizaxe e utilización destes recursos para ser capaces de usalos de forma autónoma co noso alumnado.

**Familias:** nas reunións titoriais mantidas co profesorado na maioría dos casos manifestaban satisfacción polo grado de implicación dos seus fillos/as no proxecto de Robótica e polo seu desenvolvemento.

## **6.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.**

A CCP reuniuse 7 veces segundo o calendario establecido pola Dirección. Nestas reunións a Dirección informou das distintas ordes, disposicións, comunicados... procedentes da Consellería, da Xefatura Territorial ou da Inspección Educativa, así como doutros organismos oficiais ou entidades relacionadas co ámbito educativo, que afectaban á organización e funcionamento do centro. Tamén informou das diversas propostas que parten da Dirección para mellorar a organización e funcionamento da vida escolar. Nas reunións debatéronse estas informacións e os membros da CCP transmitiron os acordos aos diferentes niveis, ciclos, departamentos ou comisións.

Nestas reunións tamén se recolleron e debateron as informacións e propostas que os membros da comisión aportaban procedentes dos niveis, ciclos, comisións ou departamentos.

Deste xeito a CCP cumpriu o seu obxectivo de coordinar a vida escolar do centro e servir de enlace entre todos os membros da comunidade educativa.

## **7.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

### Profesorado especialista do departamento de orientación

No presente curso 2017/2018 o departamento de orientación estivo formado por 4 mestras de pedagogía terapéutica (PT) e 2 mestras de audición e linguaxe (AL) máis 1 mestra a maiores que estivo compartida con educación física.

<b>CADRO DE PROFESORADO ESPECIALISTA PT / AL</b>	
PT-3	Alumnado de educación infantil
PT-4	AULA DE EDUCACIÓN ESPECIAL (dende 2013/14)
PT-2	Alumnado de 1º, 2º, 3º + algúns alumnos de 4º de EP.
PT-1	Alumnado de 4º, 5º, 6º de EP
AL-3 (compartida con EF)	Alumnado de diferentes cursos de educación primaria
AL-2	Alumnado de educación infantil
AL-1	Alumnado de educación primaria



A atención por parte destes especialistas faise esencial en EI, a situación durante estes anos pode verse na seguinte tabla.

	2012/13	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18
EI	<b>PT AL</b>	<b>PT AL</b>	<b>PT AL compartida</b>	<b>PT compartida AL compartida</b>	<b>PT AL</b>	<b>PT AL</b>

#### Auxiliar Técnico Educativo (A.T.E.)

En canto ao persoal coidador, este ano contouse co mesmo número de coidadores que o curso anterior. Sen embargo, houbo un aumento significativo de alumnado con necesidades educativas especiais (nee), que requiriron dunha atención a tempo total.

A continuación pode verse como estivo repartida a atención:

<b>CADRO DE PERSOAL COIDADOR A.T.E.</b>	
A.T.E.- 1	2 alumnas de 2º EP
A.T.E.- 2	1 alumno da aula de educación especial
A.T.E.- 3	1 alumno de 1º de EP, alumnos de educación infantil.
A.T.E.- 4	Alumnado de EI
A.T.E.- 5	Alumnado de EI

O curso caracterizouse por un amplo número de cambios nos horarios de coidadores, e tamén cambios de persoal.

#### Derivacións ao departamento de orientación

En total houbo 41 derivacións ao departamento de orientación, dende as derivacións formais por titores ata as derivacións por familias.

A continuación amósase con detalle o número de alumnado derivado segundo a etapa educativa, o número de familias coas que se mantivo algún contacto, e o número de alumnos para os que se contactou con profesionais externos ao centro.

<b>NIVEL</b>	<b>Nº alumnado derivado ao DO</b>	<b>Nº familias coas que se contactou</b>	<b>Nº alumnos cos que se contactou con centros externos.</b>
EI	11	12	4
1º	8	9	3
2º	4	9	3
3º	9	7	4
4º	4	7	6
5º	3	4	3
6º	2	4	2
<b>TOTAL</b>	<b>41</b>	<b>52</b>	<b>25</b>

#### Aula específica de educación especial

Neste curso 2017/2018, a aula de educación especial seguiu adaptándose progresivamente, dada as peculiaridades que ten, e as características do centro

ordinario onde está habilitada. Isto ás veces resultou complexo posto que os ritmos da aula en ocasións non son os mesmos que os que ten o centro.

A variabilidade do neno cada día marca o que imos facendo. Esta flexibilidade da aula, deu lugar a que en determinados momentos non se puidera levar a cabo a planificación de tarefas. A nosa metodoloxía de traballo precisa da anticipación de actividades, isto foi un punto débil posto que algunhas veces non nos chegou a información, ou si chegou, foi tarde.

O noso obxectivo primordial era conseguir una estruturación espazo-temporal o máis adaptada posible as características do alumno, cunha planificación de actividades e utilización de espazos e recursos o máis variada posible. O segundo obxectivo era a inclusión do neno e das persoas que traballamos na aula nas dinámicas do centro, sentíndonos como membros máis da comunidade educativa.

Os dous obxectivos que están conseguidos aínda que o ano próximo intentaremos traballar para que a aula sexa vista coma unha titoría máis coa autonomía que procede, e á vez interrelacionada e cohexionada coas demais titorías e elementos do centro.

A transversalidade da aula con respecto do centro é un dos aspectos máis importantes para a súa correcta organización. Este plan se reflexionou co Equipo Directivo e no Departamento de Orientación que facilitou a vida da aula depositando a confianza para deixar facer e dotándoa dos recursos que foran necesarios.

### Actuacións do departamento de orientación

Entre as actuacións levadas a cabo ao longo do curso dende o departamento de orientación, e que son inherentes ao mesmo, están:

- Organización dos apoios de mestres con dispoñibilidade horaria.
- Organización da semana da discapacidade.
- Reunións periódicas do Departamento de orientación.
- DRDADI (Recollida de datos estatísticos de atención á diversidade (outubro)).
- Avaliación e/ou seguimento de alumnado e elaboración de informes para solicitude de: Becas MEC, intervención do EOE, para valoracións no ámbito clínico, flexibilización do período de escolaridade, derivación a apoios en centros cívicos municipais e para alumnado con NEAE que remata educación primaria.
- Seguimento da asistencia de alumnado con absentismo escolar.
- Elaboración e revisións de ACS.
- Solicitude de material para alumnado con NEAE.
- Elaboración de listado de alumnado con necesidades específicas de apoio específico, xustificando a necesidade de profesorado especialista en pedagogía

terapéutica e audición e linguaxe, por enriba de catálogo para o vindeiro curso 2017-18.

- Elaboración de listado de alumnado con NEE que precisa apoio de persoal coidador(ATE) xustificando a necesidade de incrementar a plantilla deste persoal para o vindeiro curso.
- Participación nas sesións trimestrais de avaliación.
- Elaboración de informes trimestrais de alumnado que recibe apoio de PT e/ou AL.
- Elaboración da memoria do DO.
- DRDORIENTA. Recollida de datos estatísticos do departamento de orientación.
  
- Contactos con profesionais externos ao centro:
  - EOE
  - ASPANAES
  - ASPERGA
  - Hospital Materno Infantil. Unidade de Atención Temperá.
  - Centros Cívicos de Los Rosales e Labañou.
  - AGARIMO
  - Servizo de Inspección.
  - Profesionais dos centros de saúde de Labañou e dos Rosales.
  - Saúde Mental Infantil.
  - Profesionais do sector privado que atenden a alumnos do centro.
  - Reunión mensual de coordinación con Orientadores da zona.
  - Coordinación cos institutos da zona, co IES Salvador de Madariaga ao que se incorporarán a maioría dos alumnos do centro para cursar a ESO o vindeiro curso e co IES Rafael Dieste ao que se incorporará un alumno con NEE.
  - Orientadoras/es de centros de procedencia e ou destino de alumnos do centro, sempre que se considerou necesario obter ou transmitir información sobre a problemática do alumnado.

Medidas e actuacións levadas a cabo relacionadas cos obxectivos prioritarios sinalados na PXA:

- Ao comezo de curso proporcionouse ao profesorado titor de educación primaria que necesitou, materiais para realizar a avaliación inicial do alumnado que establece a orde de avaliación de educación primaria, de xuño de 2016.

- Ao longo do mes de outubro realizáronse reunións do profesorado titor coa orientadora para valorar os resultados da avaliación inicial de cada grupo clase e detectar posibles necesidades do alumnado.
- Continuouse coa colaboración iniciada con COGAMI aínda que houbo cambios no funcionamento.
- As mestras do departamento de orientación, continuaron potenciando un ano máis a través do proxecto de teatro INTERAULAS, a inclusión educativa coa participación na mesma de alumnado con NEE.A actividade foi valorada como moi positiva pola función integradora e de propiciación do desenvolvemento persoal dos alumnos.
- Co obxecto de simplificar os documentos de información tanto para ás familias como para o profesorado, no caso dos alumnos que reciben apoio por parte das dúas especialistas, PT e AL, estas elaboraron conxuntamente un único informe trimestral para cada alumno. Anteriormente cada unha realizaba o seu informe.
- Os documentos de AC, e os informes finais do alumnado que recibiu apoio de PT e /ou AL durante o curso, gardaranse por duplicado, unha copia no expediente do alumno e outra no Departamento de orientación.
- Elaborouse unha relación de actividades para o Plan de Acción Tutorial.

#### Outras medidas e actuacións levadas a cabo:

- o Preparación da semana da discapacidade coa colaboración de diferentes asociacións que acudiron a facer diversas actividades (talleres, contacontos, concerto,...) para a concienciación e sensibilización.
- o Sinalizáronse as dependencias do centro con pictogramas.

#### Algunhas dificultades atopadas ao longo do curso

- o A atención de alumnado con nee por coidador foi insuficiente.
- o A xornada lectiva completa do profesorado especialista de PT e AL dificulta a coordinación entre o profesorado do propio departamento de orientación, e tamén limita a necesaria coordinación cos titores e as familias.
- o A imposibilidade de atender adecuadamente a todo o alumnado con NEAE por falta de recursos.
- o Problemas de convivencia por problemas de conduta de certos alumnos.

#### Propostas de mellora

- o Continuar intentando mellorar a actuación coordinada de todos os profesionais que interveñen co alumnado con NEAE.

- Establecer, na medida do posible, calendarios de coordinación cos titores, familias e profesionais externos que a favorezan.
- Continuar contemplando que o profesorado con dispoñibilidade horaria faga atención dentro das aulas xa que os mestres de AL e PT non poden abarcar todo.
- Potenciar dende o inicio do curso medidas e actividades que favorezan a mellora da convivencia no centro.
- Seguir mellorando a prevención e control do absentismo escolar.
- No caso de haber dispoñibilidade horaria da mestra de AL, sería desexable que esta especialista colaborase con Programa de Estimulación de Linguaxe en 6º de Educación Infantil.
- Patios dinámicos.

Por parte da administración educativa:

- Dotar ao centro dos recursos de AL, PT e persoal coidador necesarios, para atender ás necesidades específicas de apoio educativo do noso alumnado, para poder dar continuidade as intervencións xa iniciadas, poder atender ao alumnado que quedou en lista de espera por falta de horario e para adecuar o número de sesións as necesidades reais do alumnado.

## **7.1. AULA DE EDUCACIÓN ESPECIAL**

7.1.1. Introducción.

7.1.2. Obxectivos

7.1.3. Organización do tempo

7.1.3.1. Horario

7.1.4. Organización da aula e dos espazos do centro.

7.1.5. Organización dos recursos persoais.

7.1.6. Metodoloxía e materiais traballados.

7.1.7. Rexistro de incidencias.

7.1.8. Saídas.

7.1.9. Propostas de mellora.

7.1.10. Páxinas web.

### **7.1.1. Introducción.**

No centro hai habilitada, dende o curso 2013-2014, unha aula de educación especial, nela atópase escolarizado un alumno que está apoiado en todo momento por unha mestra de pedagogía terapéutica (e o seu substituto dende novembro ata final de curso) e unha coidadora.

Esta aula foi adaptándose as súas peculiaridades durante todo o curso e foise adaptando as súas necesidades para que o alumno puidera ser o máis independente posible.

O neno acude á aula ordinaria co resto do grupo en distintos momentos da xornada escolar e ás especialidades (música, educación física, inglés, alternativa e no curso de 5º foi a danza) aínda que non durante toda a sesión, senón que o tempo é variable dependendo das súas condicións persoais.

### **7.1.2. Obxectivos.**

No curso 2015/2016 intentamos instaurar unha forma de traballo na que Javier conseguise entender moitas situacións que se dan no colexio e na aula que non tiña asimiladas. Creemos que conseguimos este obxectivo e que incluso superamos as expectativas pois vimos que o alumno puido facer máis do que se pensaba nun primeiro momento. Algúns dos obxectivos traballados foron:

- Instaurar rutinas de entrada e saída do colexio.
- Coñecer as normas de aula e de centro.
- Adaptarse as rutinas do centro e aos mestres e especialistas que traballan con el.
- Entender que as súas condutas teñen consecuencias positivas e negativas.
- Desenvolver a motricidade fina.
- Desenvolver os procesos cognitivos básicos: percepción, atención, memoria e razoamento.
- Mellorar a intención comunicativa.
- Desenvolver a autonomía persoal.
- Aumentar a relación cos outros.
- Reducir ou minimizar as estereotipias.

No curso 2016/2017 conseguimos que algúns grupos de nenos viñeran a coñecer a aula específica e interactuasen con Javier. Deste modo intentamos que entre eles xurdira unha comunicación espontánea servíndonos unicamente de guía.

Neste curso 2017/2018 continuamos co obxectivo do curso anterior de fomentar a interacción co resto de compañeiros da aula ordinaria. Asimesmo, comezamos a traballar dunha maneira individual. Deste modo, prepararemos un material moi sinxelo para que el mesmo sexa capaz de manterse sentado e traballando sen ningún adulto ao seu carón. A idea principal é continuar traballando estes dous obxectivos nos vindeiros cursos.

### **7.1.3. Organización do tempo.**

#### **7.1.3.1. Horario.**

O horario da aula específica caracterizouse pola súa flexibilidade adaptándonos ó ritmo do neno.

Tíñamos unhas sesións concretas cando o alumno asistía ás especialidades e outros momentos de rutinas que non variamos no tempo. (VER ANEXO I)

Sería axeitado que o horario fose o máis parecido ao de este ano pois o alumno traballa mellor cun horario continuo e estable.

Neste curso deixamos de asistir a biblioteca posto que Javier presentaba cadros de estrés e ansiedade nese espazo.

#### **7.1.4. Organización da aula e dos espazos do centro.**

No curso 2015/2016 organizouse a aula para que o alumno fose o máis independente posible adaptándoa ás necesidades do alumno.

Deste modo puxéronse colgadores onde puidera colgar as cousas, deixouse espazo libre na aula poñendo as mesas pegadas á parede e puxéronse apoios visuais con fotografías de secuencias para axudarlle ao neno a marchar para casa, para a merenda diaria,... (VER ANEXO II)

A aula foi dotada de materiais solicitados a Consellería: tres cadeiras adaptadas, unha mesa redonda, e outro material para actividades de aula. Ademais na aula se puxo un EDI, un encerado branco imantado e un taboleiro de cortiza.

Ao longo do curso fomos adaptando os espazos do centro con diverso material. Así, no aseo dos nenos puxemos paneis de debuxos con hábitos de hixiene e secuencias, un neceser, xabón dosificador, papel para sentarse na taza do WC,...

Fóra da aula está “*La caja azul de Javi*” onde ten que deixar as cousas de xogo antes de entrar na aula.

Pouco a pouco, estas cousas foron funcionando e Javi foi adaptándose ás normas e aceptando o modelo de comportamento esixido.

No curso 2016/17 e 2017/18 non aumentamos mobiliario na aula, pero sí puxemos un espello e un banco. O ano seguinte sería convinte cambiar o ordenador de mesa.

#### **7.1.5. Organización recursos persoais.**

No ano 2015/16 contamos con diversos profesionais externos ao centro e alumnado de prácticas que participou en momentos concretos do curso escolar. Isto facilitou o proceso de ensino-aprendizaxe pois colaboraron directamente na intervención co alumno aportando ideas, coordinándose coa mestra e colaborando co departamento de Orientación,... No curso 2016/17 Javi comezou con dúas terapias de Integración sensorial que coordináronse co centro e coa titora para facer un traballo coordinado.

Estos son:

- Andrea, Neurosens (Fisioterapia)
- Ana, Lapisdecor: terapeuta que veu ó centro para valorar a Javi in situ e poder logo traballar con el.

- Seguimos co convenio de colaboración con COGAMI.

No curso 2017/18 rematou o convenio de colaboración de COGAMI. Actualmente, colaboran co centro e co aula de EE prestando materiais. Asimesmo, continuamos co traballo coordinado con Neurosens.

#### **7.1.6. Metodoloxía e materiais traballados.**

A utilización de premios e castigos, chegar a tratos, anticiparlle situacións, tempo fóra ... son metodoloxías que resultaron moi efectivas como terapia conductual e que seguiremos utilizando o ano que ven.

O alumno foise adaptando pouco a pouco a intervención que se facía na aula e ás estratexias educativas que íamos empregando con el.

Tamén colaboramos co HORTO escolar plantando sementes de cabaza, chícharos, fabas, lentellas... o que permitiunos ver como ía crescendo unha planta. Cando xa tiña un bo tamaño, levámola ao horto e alí seguimos regándoa para seguir todo o proceso de plantación. O ano que ven poderíamos sacarlle partido a esta actividade, téndoa máis presente no noso horario pola súa practicidade e utilidade nun futuro.

Participamos nun obradoiro de cerámica co resto do nivel elaborando pezas de arcilla.

Ademais tivemos unhas pequenas mascotas na aula: os gusanos de seda. A nosa responsabilidade era levarlles follas de moreira ata que fixeron a crisálida.

Entre outros materiais traballamos os seguintes libros:

- *Trabajamos juntos “Las vocales mayusculas”. Ed. Aljibe.*
- *Trabajamos juntos “Las formas”. Ed. Aljibe.*
- *Trabajamos juntos “La grafomotricidad”. Ed. Aljibe.*
- *Trabajamos juntos “Los colores”. Ed. Aljibe*

Ademais elaboramos multitude de material adaptado e fichas relacionadas co seu entorno máis próximo: fotografías dos pais, paneis de secuencias para saír do cole, para ir o baño. Panel de merenda, fotos dos compañeiros, normas de aula,... (VER ANEXO IV)

#### **7.1.7. Rexistro de incidencias.**

O tipo de incidencias recollidas na aula de educación especial están relacionadas con episodios de crise do neno (momentos de espasmos e perda de coñecemento) e outros relacionados con condutas de agresividade o de indignación.

**Descrición dunha conduta de indignación:** cando non entende unha situación e vese forzado a facela, enfádase.

**Descrición dunha conduta de agresividade:** cando non pode seguir xogando coas tiras, co pompón... cando lle dis algo que non quere facer.



Neste curso continuamos coa práctica do PROTOCOLO DE ENFERMIDADES CRÓNICAS elaborado pola Consellería para os centros que teñen este tipo de alumnado. Deste modo temos na nosa aula unha carpeta co rexistro de incidencias que cubrimos e entregamos á familia e unha plantilla onde anotamos as crises.

#### **7.1.8. Saídas.**

Na aula facemos distintos tipos de saídas educativas; algunhas están dentro da programación de curso e outras van xurdindo ao longo dos trimestres. O alumno asistiu a tódalas saídas co seu grupo de referencia e outras planificadas con outros cursos pero que aproveitamos o transporte para movernos a algunha parte da cidade.

Neste curso 2017/18 fixemos menos saídas que no curso pasado por non adaptarse en tempos e espazos ás necesidades do alumno ou por coincidir con actividades festivas no centro, adversidade meteorolóxica,...

Outras saídas entran dentro da programación da aula específica por darlle significatividade a contidos traballados. (VER ANEXO V)

#### **7.1.9. Propostas de mellora.**


Neste proceso de autoavaliación, plantexamos as seguintes propostas de mellora para o curso seguinte (2018-2019):

- Conseguir unha maior motivación de toda a comunidade educativa incorporando de xeito máis activo o profesorado e á familia como parte integrante do proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de beneficiar o desenvolvemento integral do alumno.
- Determinar os horarios dun xeito máis axustado, máis realista e abertos a posibles modificacións para a realización das actividades dun xeito máis fluído.
- Mellorar a organización do espazo do centro e da aula para permitir movernos con máis facilidade e incluír outros elementos materiais que enriquezan as nosas intervencións como a colocación dun teléfono na aula ou dunha caixa de correos fora da aula.
- Aumentar a colaboración e coordinación entre os mestres e os especialistas que interveñen co alumno para seguir o mesmo ritmo de traballo.
- Traballar dunha maneira mais secuenciada os diferentes contidos adaptados ao alumno.
- Incorporar a actividade de HORTO ao noso horario. Tamén empregar a Tablet e EDI dun xeito máis fluído.
- Volver a incluír a metodoloxía "CIRCULO DE AMIGOS" para que participen alumnos na aula específica.


### 7.1.10. Páxinas web.

<a href="http://www.lapsicogoloteca.blogspot">www.lapsicogoloteca.blogspot</a>	<a href="http://www.aulapt.org">www.aulapt.org</a>
<a href="http://www.aprendicesvisuales.org">www.aprendicesvisuales.org</a>	<a href="http://mirinconcitoespecialaulapt.blogspot.com">mirinconcitoespecialaulapt.blogspot.com</a>
<a href="http://www.arasaac.org">www.arasaac.org</a>	<a href="http://www.lasonrisadearturo.com">www.lasonrisadearturo.com</a>
<a href="http://www.roble.pntic.mec.es">www.roble.pntic.mec.es</a>	<a href="http://www.autismonavarra.com">www.autismonavarra.com</a>
<a href="http://www.orientacionandujar.es">www.orientacionandujar.es</a>	<a href="http://pictoaplicaciones.com">pictoaplicaciones.com</a>

### ANEXO I




Horario




Panel Horario

### ANEXO II




Panel secuencia saída.




Panel mereenda.

### ANEXO III



Caixa azul de Javi.



Panel actividades diarias



Apoios visuais no baño.



Material hixiene persoal.

## ANEXO IV



Fotografías do entorno próximo.



Normas da aula.



Fotografías dos compañeiros.



Panel meteorolóxico.

## ANEXO V

	DÍA	LUGAR	CURSO
XANEIRO	24	PARQUE DE SANTA MARGARITA	Aula Específica
FEBREIRO	21	CONCERTO DIDÁCTICO	5º A,B,C Aula Específica
MARZO	13	FORUM	5º A,B,C Aula Específica
	14	ENCONTRO CO AUTOR	5ºB Aula Específica
ABRIL	16	TRANVIAS CORUÑA	Aula Específica
	19	BUQUE OCEANOGRÁFICO	5ºA,B,C Aula Específica
MAIO	29	MARÍA PITA - LA MARINA	Aula Específica
XUÑO	7	TEATRO NO FORUM	4º, 5º, 6º Aula Específica
	11	SAÍDA EN AUTOBÚS	Aula Específica
	13	PISTA SKATE DEPORTIVA LOS ROSALES	Aula Específica
	21	MONTE SAN PEDRO	Todo o Centro

### 8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A convivencia este curso foi, en xeral, boa.

Cambiáronse as subidas á hora do recreo: baixan os titores buscar ós nenos para subilos ás aulas. Non se conseguiu moito máis silencio pero sí que se faga un pouco máis rápido.

Creouse un aula de convivencia para o alumnado que non tivo un comportamento aceptable. Esta aula funcionou nos recreos e estivo a cargo do profesorado de garda. Houbo bastantes alumnos que acudiron á aula pero, en xeral, por incidencias menores.

Tivemos dous alumnos do centro que alteraron a normal convivencia de todos os días. Estes alumnos (un neno de 6º de Educación Primaria e unha nena de 1º de Educación Primaria) foron privados da asistencia ao colexio durante unha semana. A alumna de Primeiro cambiou na súa actitude, tendo neste momento un comportamento aceptable. O alumno de 6º de Educación Primaria non modificou moito o seu comportamento polo que, no patio de recreo, tivo unha zona restrinxida para xogar e estivo a cargo do profesorado que fixo garda nesa zona.

Houbo tamén un alumno de 3º de Educación Primaria cun comportamento pouco aceptable, pero que pouco a pouco foi mellorando moito.

Outro alumno de 2º de Educación Primaria tivo un incidente moi grave coa súa titora e o profesorado de Inglés, pero que tendo en conta as súas características e que nunca amosará mal comportamento quedou nunha amoestación ao alumno e unha chamada de atención aos seus pais.

As reclamacións das familias ante a dirección reducíronse considerablemente respecto de cursos anteriores.

Cabe citarse que ao igual que sucedeu o curso anterior algunhas das incidencias xurdiron durante o tempo de funcionamento do Comedor Escolar, que obrigou á dirección do centro e maila ANPA a revisar o protocolo de comedor, estando pendente de valoración e aprobación por parte do consello escolar.

A dirección do centro aplicou o procedemento sancionador a un alumno de comedor escolar, sendo expulsado do servizo de comedor por un período de tres días.

Tamén aplicáronse medidas sancionadoras a outro alumnado de educación primaria, consistentes na privación de asistencia ao recreo por períodos curtos, imposibilidade de participar en actividades complementarias, realización de tarefas relacionadas coa mellora da convivencia ...

## **9.- MEMORIA DE BIBLIOTECA.**

### **9.1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA**

**A Comisión da Biblioteca** estivo formada durante este curso por nove profesores/as.

#### **Adquisición, xestión e organización de novos fondos:**

Adquirimos novos documentos, tanto de información como de ficción, e tanto en soporte de papel como audiovisual ou informático. Dos fondos adquiridos catalogamos 187 documentos. Realizouse tamén un expurgo considerable de 377 documentos que estaban xa moi obsoletos, deteriorados, duplicados ou pouco axeitados para a idade do noso alumnado. Aparte dos documentos dados de baixa na aplicación informática que usamos, tamén expurgáronse outros que non figuraban ou estaban no programa anterior (ABIES) e, que, polas mesmas causas expresadas antes, foron excluídos.

“Programa MEIGA”: Seguimos a empregar o programa “Meiga” de xestión bibliotecaria, para catalogar os novos documentos e xestionar os empréstitos. Tamén enviamos por correo as imaxes da portada dos documentos, coa asignación do respectivo ISBN, para que figuren no noso catálogo en internet. Isto axúdanos a nós a localizar con máis facilidade o documento na Biblioteca e tamén aos alumnos, e dá unha visión máis completa. Durante este curso, os servizos informáticos da aplicación actualizaron de xeito moi satisfactorio. Realizáronse tamén correccións no Catálogo para facilitar a búsqueda de datos ou estatísticas.

## **Préstamos**

Preparamos os novos carnés de lector para o alumnado e profesorado que chega por primeira vez ao Centro e tamén para os que o perderon. Ademais asignouse a cada número de carnet o curso e aula que lle corresponde ao seu dono este curso escolar, o que facilita determinadas búsquedas. Esta xestión non a realiza o programa de xeito automático e hai que realizala manualmente, alumno por alumno.

Continuamos coa mesma política de préstamos que seguimos ata agora. O 23 de outubro abriuse a Sala e a partir de entón mantívose aberta durante toda a xornada escolar (de 9 a 14 h.) e pola tarde, de 16 a 18 h. (agás o luns) atendida polo profesorado de garda. Efectuáronse préstamos durante o recreo. Tamén os titores prestaron ás súas titorías durante a mañá. Polas tardes, o préstamo foi moi reducido.

Realizáronse 2.077 préstamos. Houbo asimesmo unha moi notable afluencia de alumnos no recreo e poucos pola tarde.

## **9.2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **◦ DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS**

#### **• Exposicións temáticas:**

- **Exposición de Novidades de Outono**, coa que abrimos a B.E. no mes de outubro.
  - **Exposición e ambientación “O Samaín na Biblioteca”** que sempre ten moi boa acollida por parte do alumnado.
  - **Exposición de Nadal**, no mes de decembro.
  - **Exposición de Novidades de Inverno**, a partir do mes de xaneiro.
  - **Exposición sobre a “Paz e non violencia”**.
  - **Exposición de Novidades de Primavera**.
  - **Exposición “Aniversario Mortadelo e Filemón”**
  - **Exposición sobre María Victoria Moreno polo Día das Letras Galegas**
- #### **• Día de Rosalía:** Colaboración co EDLG na celebración deste día.
- Lectura de poesías de Rosalía por representantes dos alumnos a través da megafonía do Centro.
  - Campaña “Abride a fiestra”: Elaboración de tres bandeirolas en gran formato co retrato-mosaico de Rosalía que, expostas a través das fiestras, daban visibilidade a esta data.

- **Día Da Poesía:** Proposta de actividades para as aulas.

- **Día do Libro**

Lectura pola megafonía por parte de representantes dos alumnos dunha parte do 1º capítulo do Quixote.

Encontros literarios con autores:

Todo o alumnado de E. Primaria participou en encontros literarios cos seguintes escritores:

- a) O alumnado de 1º con Iago López.
- b) O alumnado de 2º con Iago López e Antón Cortizas.
- c) O alumnado de 3º con Xelís de Toro.
- d) O alumnado de 4º con Teresa González Costa.
- e) O alumnado de 5º e 6º con María Canosa e Ana Alonso.

- **Colaboración coa Biblioteca Municipal de Los Rosales:**

- Os alumnos de 2º realizaron unha visita a esta B. M. na que participaron en actividades programadas para eles.
- Antes dos encontros literarios no noso Centro, desde a nosa Biblioteca informamos á B. M. das datas de celebración, para que tamén nela se realizase algunha actividade de animación.
- Tamén houbo colaboración coa B. M. do barrio mediante o envío das nosas Guías de Lecturas con recomendacións para as vacacións. A partir delas, confeccionaron uns expositores cos libros suxeridos, para seguir animando á lectura durante os períodos vacacionais.

- **Concurso de debuxo** entre o alumnado para o deseño da camiseta que se entrega aos gañadores dos Diplomas Leóns Dourados.

- **Uso da Sala da B.E. como centro de recursos e actividades:**

- Uso da Sala para presentar e desenvolver diversas actividades e obradoiros. Entre outras:
  - Obradoiro de encadernación, a cargo da asociación de discapacitados "AFEXDI" para 6º
  - Obradoiro de gaitas
  - Charlas ou disertacións diversas:
  - Bullying e redes sociais. Charla da Guardia Civil
  - Fundación Pere Closa, dedicada á formación e promoción dos xitanos en Cataluña

- Mulleres científicas
- Publicidade
- Uso de xogos de xadrez no recreo, actividade que tivo unha notable demanda.
- Utilización dos ordenadores e de internet como fonte de información e tamén como uso recreativo.
- Consulta do catálogo da B.E. en internet.

### **Materiais producidos:**

- **Guías de lectura:**

Entregáronse dúas guías de lectura para o alumnado e o profesorado, unha antes das vacacións de Nadal e outra antes das vacacións de verán.

- **Diplomas “Leóns Dourados”:**

Elaboramos os Diplomas para os “Leóns Dourados”, entregados a aqueles alumnos /as que se distinguiron pola súa participación lectora na B. E. Entregamos un por cada nivel.

Nun acto ao final de curso entregóuselles un obsequio como premio aos máis lectores da B. E., xunto co diploma.

- **Bandeirolas pola campaña “Abride a fiestra” no Día de Rosalía**

En colaboración co equipo de ENDL, realización de tres bandeirolas en gran formato coa imaxe do retrato-mosaico de Rosalía realizado o curso pasado, que, expostas a través das fiestras, deron visibilidade a esta data.

## ◦ **INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

- Realizáronse préstamos ás aulas de documentos relacionados con temas do currículo.
- Utilizouse a B.E. para facer as buscas de información que necesitou o alumnado en temas vinculados ao currículo. e de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.

## **9.3. FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL**

Realizáronse visitas guiadas á B.E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañados dos seus titores/as para que coñezan ou lembren o espazo físico, a organización dos documentos, e os servizos que ofrece.

Utilizouse así mesmo a B.E. para realizar buscas de información e investigación.



## **9.4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

Continuamos co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida” e colaboramos e coordinamos a elaboración do Plan Anual de Lectura.

(Ver Memoria do Plan Anual de Lectura)

## **10.- MEMORIA DA COMISIÓN TIC.**

Os obxectivos propostos na PXA acadados neste curso son os seguintes:

- Dinamizar a publicación de contidos de actualidades relacionados coa vida escolar do noso centro na páxina web e nos blogs de aula/especialidades.
- Actualizar as aulas virtuais dentro da plataforma E-Dixgal.
- Realizar unha limpeza de arquivos e documentos nos ordenadores das aulas de profesorado.

A maiores, houbo outros avances:

- Merca de novos equipos con sistema operativo Linux.
- Este ano o centro levou a cabo un proxecto de Robótica. Houbo un curso de formación, alumnos de 4º e 5º de educación primaria (EP) montaron os robots, elaboraron os robots con material de reciclaxe e se fixeron diversas dinámicas cooperativas. Tamén se empregou o programa mBloc baseado no editor Scratch.
- Instalación da maqueta ABALAR en varios ordenadores, especialmente na biblioteca.
- Por outra parte en educación infantil (EI) hai un escornabot que está sendo empregado nunha das aulas integrando o robot en certas actividades.
- Creación dun novo espazo educativo no centro, o cal aínda está en proceso. Por agora este espazo xa contén: robots, ordenadores, ipad, trípode e croma.

Obxectivos propostos na PXA que están en proceso son os seguintes:

- Empregar algún tempo da cada reunión da Comisión para publicar contidos na web.
- Propoñer que cada ciclo designe a unha persoa que se responsabilice de reunir material significativo para ser colgado na páxina web.
- Promover que o profesorado faga emprego de Google Drive e Dropbox para o envío e almacenamento de arquivos.

## **11.- MEMORIA EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (EACE).**

(Ver memoria do EDLG)

Como en cursos anteriores, o alumnado do noso colexio participou nunha serie de actividades complementarias e extraescolares: algunhas tiveron lugar fora do centro e outras leváronse a cabo nas instalacións do centro.

A maioría das actividades nas que participamos forman parte do programa “Coruña Educa” que oferta o Concello da Coruña. Participamos nos seguintes programas:

- Concertos Didácticos (programa que oferta a Orquestra Sinfónica de Galicia). Participou todo o Colexio.
- Programa de teatro “Todo público” (no Fórum Metropolitano)
- Programa “Rutas urbanas” (Xardín de San Carlos, Un museo ao aire libre, Historias de María Pita, parque de Santa Margarita ...)
- Programa “Visitas” (visitas a instalacións culturais, empresariais ... da cidade, Bonilla, Torre de Hércules ...)
- Participamos tamén en actividades propostas por AFundación (A arte no cómic)
- Tamén visitamos exposicións no museo de Belas Artes.
- Houbo un taller de gaita para o alumnado de 6º de Educación Primaria e participaron no programa das Escolas Branquiazuis e charlas sobre seguridade informática.
- Visitamos un buque oceanográfico co alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.
- Participamos no Plan Director cunhas charlas para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.
- O alumnado de 4º participou nun programa organizado por EROSKI sobre alimentación saudable.
- O alumnado de 6º curso participou nun taller de encadernación organizado polo equipo de Biblioteca.
- Parte do profesorado deste colexio, participou no PFPP “Educación Responsable”, levando a cabo todas as actividades propostas nos cursos no que impartían clase.
- Tamén participamos nun curso de Robótica iniciándose esta actividade co alumnado de 4º e 5º de Educación Primaria.
- Dentro do plan proxecta “o meu amigo maior” o alumnado de 5ºA de Educación Primaria e 4ºB de Educación Infantil foron a Santiago e a Abegondo.

- Dentro da colaboración que mantén o colexio coa Asociación Stop Accidentes continuamos coa participación no Proxecto ANCAS, leváronse a cabo unha serie de actividades con charlas previas para o alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria
- Ao longo do curso todo o alumnado participou en múltiples actividades levadas a cabo polo profesorado de Inglés (teatro, mago e festas tradicionais) Relixión, E Física, Tutorías, Danzarte, Xadrez e Robótica así como dentro do Plan Lector (Moitos escritores e algún contacontos mantiveron contacto na Biblioteca co noso alumnado).
- Todo o alumnado participou nunha carreira solidaria arredor do Colexio en favor da investigación da Leucemia infantil o 20 de outubro e nunha saída de convivencia ao Monte San Pedro o último día lectivo.
- Todo o alumnado de Educación Primaria desprazouse ao Fórum Metropolitano para ver a obra de teatro do grupo Interaulas o día 7 de xuño.
- Nas saídas de fin de curso fomos aos seguintes lugares:
  - Infantil 3 anos e 4 anos foron a O Ventoso.
  - Infantil 5 anos foi a Aldea Nova.
  - 1º e 2º de Educación Primaria foron a Xanceda.
  - 3º de Educación Primaria foi ao Muiño do Pedroso.
  - 4º de Educación Primaria foi a Beelle.
  - 5º de Educación Primaria foi a Betanzos.
  - 6º de Educación Primaria foi tres días a Alvarella.

### **11.1.- MEMORIA DO HORTO ESCOLAR**

Este curso formaron parte da comisión:

- Rosa Pérez Ramallo (Ed. Infantil)
- Carolina Asensio Juiz (Ed. Infantil)
- Estrella María Guillán García (Ed. Primaria)
- Beatriz Ponte Rodríguez (Ed. Primaria)
- Alba Pampín López (Ed. Primaria)
- Teresa Gavín Couso (Ed. Primaria) Coordinadora
- María Antonia Del Río García (Ed. Primaria) Coordinadora

Durante o curso leváronse a cabo nove reunións da comisión, onde se foron tomando as decisións sobre as diferentes actividades realizadas e a organización das visitas dos diferentes cursos.

A comisión do horto escolar considera que se cumpriron satisfactoriamente os principais obxectivos que se pretendían lograr durante o presente curso escolar.

A resposta do alumnado foi moi satisfactoria e a motivación está garantida pero o maior problema é o número de alumnos que impide que se realicen tódalas sesións que nos gustaría para un mellor aproveitamento didáctico.

As zonas de cultivo exteriores da etapa de primaria foron reducidas para poder manter e coidar o invernadoiro que é onde se produce a maior parte dos cultivos durante o curso escolar .

Hai que destacar as numerosas actividades que se fixeron na Aula da Natureza habilitada este curso para poder facer os sementeiros e gardar as sementes e plantas para logo transplantar á horta. Tamén se fixeron nas aulas para transplantar despois á horta, neste caso con fabas. Para o próximo curso sería interesante realizar máis actividades deste tipo nas aulas, con diferentes sementes para que o alumnado poda observar o crecemento da planta dende o primeiro momento, e transplantala despois á horta.

Realizouse unha visita conxunta á horta con alumnos e alumnas de 1º e de 6º de Educación Primaria. Resultou ser unha sesión moi interesante e divertida que creo que debería repetirse con máis frecuencia.

Percibimos que pouco a pouco os alumnos aprenden como se cultivan as diferentes verduras e hortalizas ademais das diferentes plantas ornamentais.

Consideramos que mellorou o respecto das zonas recuperadas do patio e o alumnado respectou e coidou nas horas de recreo as parcelas de E.I. e de 1º, 2º e 3º de primaria.

O labirinto segue a ser unha zona preferida de xogo no tempo de lecer.

Seguindo o calendario de cultivos do horto e atendendo as características de cada planta, priorizamos a variedade de cultivos, aínda que a colleita non fose abundosa. Ademais, este ano, plantáronse algunhas plantas menos habituais como charouvías e tomates azuis.

Os cultivos recollidos foron repartidos por aulas para sortear entre o alumnado.

O alumnado leva os produtos para a súa casa co compromiso de consumilos, co que pretendemos promover hábitos saudables e valoración dos produtos ecolóxicos.

As actividades realizadas ao longo do curso foron numerosas:

- Preparación da terra: rozar, arar, abonar...
- Plantacións de: allos, cebolas, chícharos, tomates de diferentes tipos, leituga, fabas, ravo, xudías, pementos, brócoli, repolos, acelgas, espinacas, cenoria, coliflor, remolacha, apio...
- Limpeza, coidado, conservación do labirinto cunha gran implicación por parte do alumnado.
- Coidado e plantacións para conseguir novas plantas.
- Realización por parte do alumnado de 6º B dun mural, enviado e exposto na Festa de Fin de Curso de Voz Natura. No mural recollíase información sobre os produtos recollidos na horta e receitas con eses produtos. Para o próximo curso propoñería realizar un libro de receitas entre todos os cursos cos produtos recollidos na horta.

Todas estas actividades desenvolvéronse contando coa participación dos titores/as e as coordinadoras de cada ciclo.

Temos que destacar o interese que manifesta o alumnado por este tipo de actividades que na maioría dos casos serven como fío condutor para introducir os diferentes contidos do currículo.

Todos os cursos visitaron, polo menos, unha vez por trimestre a horta, para realizar tarefas de limpeza, observación e plantación. Este curso o tempo non permitiu realizar moitas visitas a horta, polo que non se fixeron tantas como nos gustaría.

Este ano un alumno de 6ºB trouxo sementes de néspersas, que puxemos a xerminar na aula coa intención de plantala despois no terreo ao lado do invernadoiro, pero as sementes non chegaron a xerminar.

Os alumnos de 6ºB transplataron a planta que nos regalaron en Alvarella.

Destacar que os numerosos temporais romperon o invernadoiro, polo que está pendente a súa reparación ou substitución. Este feito non influíu no desenvolvemento das actividades programadas, aínda que non puidemos acudir a el os días de chuvia.

## **O XARDÍN DA XOANIÑA**

Como o xardín foi creado durante o curso pasado, a actuación sobre el durante este foi a de coidado e mantemento. Pero ademais destes aspectos estéticos, o xardín foi o eixe para reflexionar sobre: o clima, os elementos naturais (auga, aire, lume e terra), beneficios dos animais, catástrofes naturais, acción dos humanos sobre a natureza ...

sempre tendo presentes os textos informativos xa que moitas novas sobre o tema ocuparon as portadas dos xornais, sentando xa en infantil as bases para desenvolver a conciencia ecolóxica no alumnado.

## 11.2.- MEMORIA DA COMISIÓN DE TEATRO

Seguindo a liña doutros cursos, este ano no noso colexio continuamos empregando o teatro como recurso educativo, especialmente útil para desenvolver as destrezas sociais e comunicativas, entre outras moitas.

Desde o equipo de teatro intentamos dar apoio ás diferentes obras preparadas por varios titores:

- **“Cansas do Nadal”** do grupo Bubelas de 5º A
- **“O caracol pachorrento”** do grupo de E. I. de 5 anos
- **“A librería”** do grupo Bubelas e o grupo Bubeliñas de 3 anos

Co deseño dalgúns carteis, busca de atrezzo e vestuario, gravación en vídeo, fotografías, ...

Por outro lado, como acordamos a finais do curso pasado, demos tamén continuidade ao proxecto de Teatro Interaulas, organizando a representación da peza **“O proxecto da raíña Berenguela”**, obra de ambiente medieval, completamente orixinal, escrita por nós a partir dunha personaxe histórica real (a raíña Berenguela, muller de gran valía diplomática e humana, segundo o recollido nas crónicas da época).

Como en cursos anteriores, este proxecto tiña como obxectivo prioritario incluír a todo o alumnado do colexio: 58 alumnos participaron desde o escenario como actores, bailaríns e cantantes e o resto participou desde o outro lado, como un público extremadamente educado, empático e respectuoso, o cal consideramos especialmente importante, polo que supón de transmisión de valores positivos, tan necesarios na nosa sociedade. Valores que tamén intentamos transmitir por medio da historia contada na obra.

Este ano fixemos unha primeira preestrea no noso S.U.M. cunha pequena adaptación para os nenos de E.I.; e dúas representacións posteriores no Forum Metropolitano para o alumnado de primaria en horario de mañá, seguida doutra pola tarde para familias e amigos.

A valoración final é moi positiva porque consideramos acadados todos os obxectivos pedagóxicos que nos plantexabamos (desenvolvemento da capacidade de traballo en grupo, compromiso e responsabilidade; integración de persoas con habilidades e intereses moi diferentes; desenvolvemento de habilidades cognitivas

como a atención, a memoria e o control da impulsividade; capacidade de expresión verbal e non verbal, ...).

Este éxito foi posible, un ano máis, pero este moi especialmente; grazas á **axuda de todo o claustro e persoal non docente do colexio**, que nos respaldou cando, no primeiro trimestre, a nosa compañeira Chus, principal impulsora do equipo interaulas ata ese momento, tivo que coller unha baixa para o resto do curso.

Puidemos sacar adiante o proxecto, só grazas...

... a moitas compañeiras que durante todo o curso adicaron gran cantidade de horas do seu tempo extraescolar a realizar todo tipo de traballos non remunerados (busca de teas, arranxos de costura, contabilidade, deseño e preparación de maquillaxes e complementos, busca de atrezzo, ...)

... ao pintor, que tamén adicou moitas horas persoais a crear, unha vez máis, un decorado espectacular.

... ás persoas que nos axudaron a encontrar un escenario axeitado ás nosas necesidades de espazo.

... a Chus, que, na distancia e sempre que puido, nos sigue dando moi sabios e útiles consellos.

...ao equipo directivo, que nos facilitou a organización.

... a “Axuda en Acción”, que contribuíu economicamente.

... e a **todo o claustro**, que **fixo posible** a posta en marcha da infraestrutura necesaria para preparar esta obra e mover todo o colexio de primaria nunha mañá ata o teatro, axudou preparando aos actores e o público, e colaborou durante as representacións.

Para outro curso, queda pendente ir mellorando algúns aspecto como a contextualización da obra para o público, unha mellor adaptación para os nenos de infantil, maior atención ás relacións sociais entre o elenco de actores, ao ensino máis detallado de técnicas vocais e dramáticas ... Pero, en xeral, polo alumnado e o grupo de compañeiros cos que tivemos a sorte de poder traballar, esta foi unha experiencia moi positiva.

## **12.- MEMORIA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### **12.1.- TRANSPORTE ESCOLAR**

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación e O. U. un total de 17 alumnos/as residentes no Portiño.

O servizo de transporte correspondeu ao igual que en cursos anteriores á empresa Autocares Lista, S. L., que por xubilación do seu propietario foi traspasada a outra empresa de transporte conservando de momento a mesma denominación.

## **12.2.- SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, PROGRAMA DE MADRUGADORES E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

### **12.2.1.- COMEDOR**

Este curso funcionou o comedor escolar no horario habitual de Comedor (de 14:00 A 16:00) e o Programa Madrugadores (de 7:30 a 9,00, con entrada de 7:30 a 8:30, con ou sen almorzo).

A organización e administración do Comedor Escolar e de Madrugadores foi por conta do ANPA Milnen@s, por concerto coa empresa JARDANAY S.L. O Servizo Municipal de Educación adxudicou á empresa Jardanay S.L. a xestión de Madrugadores por un prazo de catro anos.

O colexio facilitou o funcionamento deste servizo poñendo a súa disposición o comedor sito no novo edificio/aulario de infantil. A atención ao alumnado no horario de comedor foi por conta do ANPA Milnen@s e da empresa coa que contrata o servizo.

A persoa responsable no centro por parte da empresa JARDANAY foi Adriana, tanto para comedor como para madrugadores. Por parte do ANPA, a responsable foi Sara Caínzos Cuenca.

Como novidade no marco do novo contrato coa empresa Jardanay que ten una duración de 1 ano prorrogable por outra máis cómpre salientar:

- 6 BOLSAS (convocatoria e requisitos. Resolución)
- Redución do prezo
- Inscripción e baixas en liña
- Festa de fin de curso por conta da empresa

Ademais, para completar a hora de despois de comer téñense establecido una serie “*didácticas lúdicas*” para evitar conflitos en comedor.

O aforro neste novo contrato para as familias (e para o ANPA como entidade) na xestión do comedor e as actividades relacionadas co mesmo excede de 10.000 euros aproximadamente.

### **COMEDOR (datos con data de efectos 18/06/2018)**

**Total: 300 nenos/as inscritos.**

- Por modalidade de asistencia:

TOTAL (Infantil + Primaria )

ESPORÁDICOS	FIXOS	DESCONTINUOS OU QUENDA LABORAL
39	155	106



- Por días os datos de alumnos recóllense no seguinte cadro:

Cursos	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
El 4º	20	20	20	21	19
El 5º	23	25	27	25	26
El 6º	26	31	27	29	27
P 1º	26	31	27	28	30
P 2º	40	41	38	40	38
P 3º	29	30	29	30	31
P 4º	20	23	20	26	19
P 5º	24	25	26	25	23
P 6º	18	15	18	15	17

TOTAL				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
226	241	232	239	230

- Por Ciclos (inscritos por curso, en calquera modalidade):

INFANTIL		
3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
24	35	38

PRIMARIA					
1º	2º	3º	4º	5º	6º
36	43	40	28	32	24

Nº Monitores: 12

Nº Camareiras: 3

### **MADRUGADORES**

Total: 112 nenos/as inscritos.

- Por modalidade de asistencia:

TOTAL ( Infantil + Primaria )

ESPORÁDICOS	FIXOS	DESCONTINUOS ou QUENDA LABORAL
31	25	56

- Por días:

Cursos	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
El 4º	10	10	10	10	11
El 5º	10	10	9	10	10

<b>EI 6º</b>	4	6	6	6	5
<b>P 1º</b>	3	3	3	3	3
<b>P 2º</b>	10	10	8	12	12
<b>P 3º</b>	12	14	13	15	14
<b>P 4º</b>	8	9	8	9	8
<b>P 5º</b>	11	11	11	11	11
<b>P 6º</b>	5	6	5	7	5

TOTAL				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
73	79	73	83	79

- Por Ciclos (inscritos por curso, en calquera modalidade):

INFANTIL		
3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
11	14	7

PRIMARIA					
1º	2º	3º	4º	5º	6º
6	18	19	15	14	11

Nº Monitoras/es: 3.

Nº Camareiros/as: 1.

### **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

O cadro de actividades organizadas para este curso foi o seguinte:

## Actividades extraescolares

### CADRO DE ACTIVIDADES DE INFANTIL 2017/2018

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
16:00	Teatro en inglés Judo	<b>Judo (novo grupo)</b> Pintura Ximnasia rítmica Xogos pre deportivos Pandeireta	Patinaxe (2 días) Judo Baile galego Teatro en inglés	<b>Judo (novo grupo)</b> Pintura Ximnasia rítmica Xogos pre deportivos	Patinaxe (2 días) Eureka
17:00	Música divertida Patinaxe (só luns)	Baile moderno	Música divertida	Baile moderno Robótica	Eureka Capoeira

### CADRO DE ACTIVIDADES DE PRIMARIA 2017/2018

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
16:00	Aula de estudo Esgrima Patinaxe (só luns) Música divertida Xadrez Fútbol iniciación (10/11) Judo (1º primaria) Pandeireta	Aula de estudo <b>Judo (1º primaria novo grupo)</b> <b>Robótica (novo grupo)</b> Basket iniciación (10/11) Ximnasia rítmica (1º primaria) Listen & Speak (3º e 4º) Baile moderno Voleibol Bádminton	Aula de estudo Esgrima Fútbol benxamín (08/09) Baile galego Xadrez Música divertida Judo (1º primaria)	Aula de estudo <b>Judo (1º primaria novo grupo)</b> Listen & Speak (3º e 4º) Fútbol iniciación (10/11) Ximnasia rítmica (1º primaria) Baile moderno Robótica	Aula de estudo Baloncesto iniciación (10/11) Capoeira (2º a 6º) Bádminton Voleibol
17:00	Fútbol alevín (06/07) Judo (2º a 6º) Teatro en inglés	Listen & Speak (5º e 6º) Basket benxamín (08/09) Basket alevín (06/07) Ximnasia rítmica (2º a 6º) Balonmán Pintura	Patinaxe (2 días) Judo (2º a 6º) Fútbol alevín (06/07) Teatro en inglés	Listen & Speak (5º e 6º) Fútbol benxamín (08/09) Pintura Ximnasia rítmica (2º a 6º) Pintura	Patinaxe (2 días) Capoeira (1º primaria) Basket benxamín (08/09) Basket alevín (06/07) Balonmán

## Ubicacións:

- Baloncesto, fútbol, vólei e bádminton: pavillón
- Esgrima e ximnasia: ximnasio do pavillón
- Robótica: colexio primaria (aula informática). Ver aclaracións.
- Patinaxe e predeporte: patio cuberto colexio azul
- Aula de estudio e xadrez: colexio azul (planta 2)
- Baile galego, baile moderno e pandeireta: colexio azul (planta 1)
- Capoeira e judo: colexio azul (planta 1)
- Música divertida, teatro e pintura: colexio azul (planta 0)

A responsable de actividades do ANPA é Catuxa Oviedo Pérez logo da renovación da directiva en abril de 2017.

Este curso 2017/18 ofertáronse as seguintes actividades extraescolares:

### Creatividade:

- Teatro en inglés (nova)
- Esgrima tradicional
- Baile Galego
- Música divertida (nova)
- Pandeireta en idade Primaria
- Robótica en idade Primaria
- Pintura
- Eureka (actividade do concello que non acadou o mínimo para comezar)

Deportes:

- Judo
- Xadrez
- Capoeira
- Bádminton/Voleibol (nova)
- Baile moderno
- Patinaxe
- Baloncesto.
- Fútbol Sala.
- Ximnasia Rítmica.
- Balonmán (que non acadou o mínimo para comezar)
- Campaña Natación Escolar (actividade do concello)

As actividades de Baile moderno, Judo, Pintura, Patinaxe, Capoeira, Teatro, Música divertida e Ximnasia desdobláronse en dous horarios, separando aos alumnos de Infantil e de Primaria. Algunhas actividades non acadaron o número de usuarios mínimo preciso para poñelas en marcha.

As actividades “culturais” foron contratadas coa empresa New Wave, Code Play, Son d’aquí, “Academia de la Espada” e con monitores especializados na materia. Desenvolveron a súa programación en horario de 4 a 6 da tarde, de luns a venres.

As actividades deportivas foron impartidas polas seguintes entidades:

- Fútbol Sala e Baloncesto, por conta do Clube Deportivo Los Rosales.
- Judo pola entidade Edukajudo
- Baile moderno, pola entidade Adagio
- Ximnasia rítmica, por conta do Clube de Ximnasia Milenium.
- Predeporte por conta dun monitor colaborador
- Capoeira por conta dunha asociación
- Bádminton por conta da empresa Move

O número de participantes ao longo do ano por actividade foi o seguinte:

Nome	Alumnos
Aula luns	4
Aula martes	16
Aula mércores	5
Aula venres	9
Aula xoves	13
Baile galego primaria	21
Baile moderno infantil	21
Baile moderno primaria	30
Baloncesto alevín	22
Baloncesto benxamín	34
Baloncesto iniciación	10
Capoeira infantil e 1 primaria	17
Capoeira primaria	19
Esgrima histórica	13
Fútbol alevín	12
Fútbol benxamín	17
Fútbol iniciación	27
Judo infantil e 1 primaria	47
Judo NOVO GRUPO	11
Judo primaria	25
Música divertida infantil	14
NATACIÓN PISCINA	30
Pandeireta primaria	41
Patinaxe infantil	11
Patinaxe infantil luns	19
Patinaxe primaria	11
Patinaxe primaria luns	27
Pintura infantil	35
Pintura primaria	18
Predeporte	16
Robótica primaria (XOVES)	12
Robótica primaria (MARTES NOVO GRUPO)	24
Teatro en inglés infantil	12
Volei e bádminton	4
Xadrez primaria	16
Ximnasia rítmica infantil e 1 primaria	5
Ximnasia rítmica primaria	9
<b>Total</b>	<b>677</b>

Nas actividades que coordina o ANPA houbo máis de 350 nenos e nenas participando nas distintas actividades (algúns en máis dunha actividade o que da un total de 677 inscricións). Estas actividades

desenvolvéronse en distintos espazos do colexio azul, no aula de informática do colexio de Primaria e no pavillón de deportes.

### **ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO.**

Na CAMPAÑA DE NATACIÓN ESCOLAR, dependente do Concello de A Coruña, inscribíronse a comezo do curso escolar (e coa posibilidade de ampliar ata decembro o número de inscritos/as) un total de 22 nenos/as 3º e 4º de primaria, aumentando ata 30 neste último mes do curso. Os nenos/as desprazáronse en autobús á piscina de Riazor, os luns de 16:30 a 18:10, e nos primeiros días valorouse o nivel de cada neno/a para establecer os grupos necesarios e o número de monitores.

### **ACTIVIDADES ADICIONAIS DO CURSO 2017-2018**

Ao longo deste curso 2017/2018 desenvolvéronse outras actividades complementarias ou extraescolares:

- Posta en marcha da ESCOLA DE NAIS E PAIS ao abeiro do Convenio con AXUDA EN ACCIÓN e coa colaboración da dirección e os responsables do centro escolar. Ademais realizáronse os seguintes obradoiros:

OBRADOIROS	POÑENTES	DATAS
DISCIPLINA POSITIVA	María Soto Educa Bonito en Disciplina Positiva	Sesión informativa: 27/10/2017 Primeira edición: 10/11/2017 Segunda edición: 16/11/2017
INTERNET, NOVAS TECNOLOXÍAS E MENORES	Daniel Neira Barral Patricia Gómez Salgado Santiago Reboyras Martínez	Sesión I: 24/11/2017 Sesión II: 01/12/2017 Sesión III: 15/12/2017
INTERNET, NOVAS TECNOLOXÍAS E MENORES: OBRADOIROS	David Cortejoso	Sesión I: 11/01/2018 Sesión II: 12/01/2018
NUTRICIÓN SAUDABLE E RESPONSABLE	Emma Enríquez Merayo Nutriciona	Sesión I: 23/02/2018 Sesión II: 02/03/2018
TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO (TEA)	Marina Pérez – Lafuente Moyá (profesora de CEE Bata – Os Meccos)	Sesión: 09/05/2018
O CAMBIO Á SECUNDARIA E CLAUSURA	Xoel Graíño González (ex-alumno do CEIP Emilia Pardo Bazán) Elisa Vázquez Vázquez (PT do Departamento de Orientación do IES Salvador de Madariaga)	Sesión: 14/05/2018

1. Financiamento das xornadas de teatro en inglés no horario escolar que se celebran cada curso escolar
2. IV Campamento de Verán. No anterior campamento, con 3 semanas en colaboración con Fedapas e o Concello e 3 semanas por conta exclusiva do Anpa (formato que se manterá para este curso 2017/2018), a participación superou os 100 nenos e nenas, case duplicando a participación de edicións anteriores. A realización dun III Campamento de Nadal, con máis de 30 nenos participando completou os campamentos deste curso.
3. Festa do Magosto e Festa do Entroido
4. Festa de Fin de Curso
5. Outras actividades que en coordinación coa dirección do centro se consideraron oportunas.

### **13.1. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS**

### **13.2. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO CONCELLO**

Realizáronse case todas as solicitadas desde o centro, agás a reparación das pistas deportivas exteriores situadas ao carón do paseo marítimo.

Ante a solicitude formulada desde a dirección do centro de habilitación dun aseo adaptado para persoas con discapacidade o SME decidiu realizar unha

reforma integral dos aseos do patio cuberto. A tal efecto incrementouse o número de wc tanto para nenas coma para nenos, ademais do aseo adaptado.

Segue a estar pendente de completar a reparación e a eliminación das aristas e das fendas no material vitrificado do edificio de educación primaria por ter causados numerosos incidentes entre os usuarios do centro en cursos anteriores.

Tamén están pendentes as rehabilitacións dos aseos do alumnado do 2º e 3º andares e patio cuberto de primaria (comprometidos en cursos anteriores por outras corporacións municipais).

### **13.3. ACTUACIÓN REALIZADAS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O. U.**

Relación de equipamento e mobiliario recibido:

Artigo	Unidades
Armario vitrina con portas de cristal	4
Armario móbil con 17 gabetas	2
Mesa de lectura / comedor primaria	2
Mesa de profesor con sillón M-14	1
Mesa de profesor con sillón M-11	1
Pupitre unipersoal M-3 con cadeira	12
Pupitre unipersoal M-2 con cadeira	10
Encerado branco	2
Equipo de Robótica educación primaria	1

**Quedan pendentes de solucionar as seguintes necesidades:**

#### ZONA EXTERIOR ANTIGO EDIFICIO EDUCACIÓN INFANTIL

- Reposición do teped na zona de xogos.

#### ZONA DE XOGOS DO AULARIO INFANTIL

- Substitución do actual pavimento anticaidas por outro que non ensucie a roupa e o calzado do alumnado.
- Renovación dos elementos de xogos infantiles para evitar lesións entre o alumnado.

#### EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Reforma de servizos de profesorado e alumnado no 2º e 3º andar.
- Insonorización da aula de música e de A.L.
- Portas de saída con sistemas de apertura antipánico.



- Eliminación das fendas existentes en diversas dependencias do edificio de primaria.

#### PISTAS POLIDEPORTIVAS EXTERIORES

- Acondicionamento do pavimento.

#### **Necesidades de equipamento:**

- Renovación dos ordenadores obsoletos.
- Rehabilitación do invernadoiro.

#### **13.4. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO PROPIO CENTRO.**

- Instalación dun sistema de alarma e videovixilancia (pendente de activación).
- Contratación dunha nova empresa (LABRAX) para o mantemento informático.
- Adquisición de 9 ordenadores portátiles para substitución dos equipos das 9 aulas de educación infantil.

#### **13.4. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO CENTRO EN COLABORACIÓN COA ANPA.**

- Pintado de xogos de chan (subvencionado pola ANPA).

#### **14.- MEMORIA PROGRAMA EDUCACIÓN RESPONSABLE – ANO 1**

Durante o curso 2017-2018 comezamos no CEIP Emilia Pardo Bazán un Proxecto de Formación con tres liñas de traballo: Robótica Educativa, TEI e Educación Responsable.

O **Programa de Educación Responsable** é un Programa Educativo da *Función Botín* que favorece o desenvolvemento emocional, social e da creatividade, promove a comunicación e mellora a convivencia nos centros escolares a partir do traballo con docentes, alumnado e familias.

Formaron parte do seminario asociado á esta liña de traballo un total de 19 profesores/as. Todos eles, e algún membro máis do claustro, asistiron á formación impartida pola psicopedagoga Ana Sanjuan, e que este primeiro ano centrouse no Desenvolvemento Afectivo.

A maiores, fóronse facendo diferentes reunións de traballo ao longo do curso para analizar o contido das guías de actividades propostas pola Fundación Botín e valorar a súa implementación co alumnado.

Ditas propostas están divididas en varios **RECURSOS** e aquí se expón un resumo da implementación que se fixo dos memos co alumnado:

– RECURSO DE BANCO DE FERRAMENTAS EN PRIMARIA:

Levouse á práctica con dous grupos:

– Luisa Domínguez Pérez na súa titoría de 2º A

1. Primeiro trimestre – Desenvolvemento afectivo:

Traballouse a *autoestima* con estas actividades:

- “A fuego lento”, no que puideron ven nun video o que é ser un neno diferente ós demais.
- A sireíña que quería ser “La reina de las guapas”, relacionado coa beleza interior.

A *empatía* con estas:

- “Claro que se puede”, actividade moi apropiada para o grupo xa que contan cunha compañeira con dificultades similares ás do protagonista.
- “El Cid. La leyenda”, sobre animais e o respecto cara eles.

E a *expresión emocional*, con estas outras:

- “Arión y su lira”, conto co que se traballou moito a expresividade.
- “Las tres cautivas”, máis centrado na sensibilidade.

2. Segundo trimestre – Desenvolvemento cognitivo

Respecto do *autocontrol*, leváronse a cabo:

- “Cuidado”, que emprega a tradicional canción “Estaba el señor don gato”
- “Me da miedo”, coa que tamén se traballaron moito as expresións

*Asumir decisión de forma responsable*:

- “No dejaré a mi familia” (trátase dun corto de cine)
- “El arte de imaginar”

*Actitudes positivas cara á saúde*:

- “Los 40 de mi papá” : sobre hábitos saudables
- “Cuidar la naturaleza”

3. Terceiro trimestre – Desenvolvemento social

No que se traballan 3 tipos de *habilidades*:

*De relación*, con:

- “Trato hecho”, actividade de poesía relacionada coa cooperación.
- “Tienes que bañarte”, vídeo para traballar cómo saber decir as cousas con educación.

*De autoafirmación*, con:

- “La guerra de los animales”: conto con mensaxe.
- “Juguemos todos y todas”: video relacionado cos abusos a menores.

*De oposición:*

- “Yo no he sido”: cuento relacionado con escapar dos problemas
- “El empezó la pelea”: video da película “La lengua de las mariposas” no que se traballa que non paga a pena pelexarse.

– Conchi García Diéguez na súa titoría de 5º A, que traballou as seguintes actividades:

- Primeiro trimestre – Desenvolvemento afectivo:
  - “Dime que me quieres”, para traballar a *autoestima*. Empezaron cunha explicación sobre o que ían facer ó longo do curso.
  - “Ahora te entiendo”, para traballar a *empatía*, aproveitando que no grupo hai algún pai/nai no paro.
  - “El maltrato sutil”, para traballar a *expresión emocional* e, ó mesmo tempo, relacionalo coa violencia machista que, polas mesmas datas, tratábase en todo o colexio.
- Segundo trimestre – Desenvolvemento cognitivo:
  - “Eres mi héroe”, para traballar o *autocontrol*. Empregouse a actividade para tentar correxir a agresividade dun dos alumnos.
  - “Eres mi héroe 2”, relacionada coa *toma de decisión e a responsabilidade*. Actividade elexida por problemas que xurdiron coas mochilas, o seu contido e os ocasionais olvidos do material.
  - “Un mundo casi perfecto”, para traballar as *actitudes positivas cara a saúde*.
  - “Cacas”, cun título chamativo para os alumnos/as que, ademáis, teñen macotas nalgúns casos.
- Terceiro trimestre – Desenvolvemento social:
  - “El florido pencil”, escollida polo vínculo do libro así chamado cunha época noi moi lonxana, pero a anos luz dos alumnos/as de 5º de primaria.
  - “No seas pesado”, escollida porque últimamente xurdiron casos esporádicos de conflitos entre algún membro do grupo

- Quedan por realizar dúas actividades de *Autoafirmación* e *habilidades de oposición*.

– RECURSO DE BANCO DE FERRAMENTAS EN INFANTIL

Neste ciclo, Pilar Pérez Álvarez, profesora de apoio, implementou as actividades nun dos grupos de 5 anos Os estímulos utilizados foron:

- A imaxe como recurso educativo.
- A música.
- A comunicación escrita:
  - Contos populares, lendas, fábulas.
  - A poesía.
  - As noticias de prensa.
- O xogo.

E as técnicas de participación activa propostas o traballadas con nenos e nenas, foron:

- Roda de intervencións
- Tormenta de ideas
- Reflexión silenciosa
- Bola de neve
- O Philips
- O foro
- A representación de roles
- A dramatización.

As actividades traballadas poden resumirse así:

- Primeiro Trimestre – Desenvolvemento Afectivo

- “De mayor voy a ser”, vídeo para fomentar a *autoestima*, potenciar a autonomía e aprender a valorar e respectar ós demais.



- “El gallo, el perro, el bastón y la aguja”: conto para traballar habilidades de interacción; prestarse axuda en momentos difíciles, saber facer as paces, establecer novas relacións de amizade.....
- “Nadie me hace caso”: video co que se traballou a aceptación dos demais, compartir, superar vergoñas, medo ó rechazo, etc
- “La clase de baile”: relativo ás habilidades de oposición asertiva, salir con éxito de situación de risco ou defenderse ante os demais.
- “Aquí el capitán soy yo”: para aprender a aceptar normas e saber defenderse
- Faltan traballar as habilidades de autoafirmación

#### – RECURSO DE LITERATURA, EMOCIONS E CREATIVIDAD

En Educación Primaria este recurso foi implementado no grupo de 4º por parte de Paloma Fraga Couceiro, profesora de Pedagogía Terapéutica. O libro elixido foi “El hombrecito vestido de gris”, de Fernando Alonso.

As actividades realizadas co alumnado estruturáronse en tres momentos:

- Antes da lectura:
  - Resignación ou cambio: escollida pola oportunidade que daba para exponer e intentar clarificar qué aspectos nos gustaría cambiar de eles mesmos e cómo se podería facer. Fóronse analizando dificultades, estratexias e posibles resultados,
- Durante a lectura: traballáronse todas estas actividades:
  - “Ser un manitas”: falouse das habilidades nas que cada un é bó e de cómo se pode chegar a conseguilo; a conclusión foi que a excelencia xurde sempre do esforzó.
  - “Enfadados”: permitiu falar do autocontrol sobre as emocións negativas.
  - “Dónde están los números”: traballo sobre o paso do tempo, co que desaparecen obxectos e personas.
  - “Mensaje en la botella”: os alumnos enviaron mensaxes o futuro cos desexos personais de cada un.
  - “Acoso”: falouse de situacións que consideraban acoso e de posibles solucións;

tamén do poder do grupo.

- Actividades despóis da lectura

6. “El duelo”: falouse da perda de xente que se quere, dos bos recordos que nos deixan e da súa importancia nas nosas vidas.

7. “Ensalada de historias” : esta actividade, aínda por realizar, consistirá en elaborar unha das historias do libro en formato de teatro de papel Kamishibai.

– RECURSO DE LITERATURA E EMOCIÓN EN INFANTIL:

C) Levado a cabo na titoría de 4 anos A de M<sup>a</sup> Victoria Mantiñán Canzobre. Durante o 2º trimestre, recibíuse a visita virtual de “El Mago de las Palabras” para introducir as actividades.

A partir da lectura do conto “Historia de ratones” traballaron cun emociómetro que quedou permanentemente na aula para seguir utilizando o resto do curso. Na elaboración do mesmo tamén participaron os nenos e nenas.



Tamén se realizou un xogo baseado no conto “Monstruo de Colores”, e traballaron outras dinámicas como o xogo das películas.



- RECURSO DE REFLEJARTE

Este recurso foi levado a cabo tamén con dous grupos de primaria por parte das súas titoras: Estrella Guillán García en 4º C e Raquel López Manteiga en 3º C.

A artista proposta este ano por Educación Responsable foi Julie Mehretu, pintora africana afincada en New York, que utiliza a pintura como medio para falar dende o presente, pero coas influencias da historia, a memoria ou o legado de cada un de nos.

Os alumnos realizaron un traballo de investigación familiar, buscando un elemento herdado (material ou non, como expresións típicas na familia...), que fose significativo para eles.

Todos os nenos e nenas (e as profesoras) investigaron facéndose unha serie de preguntas sobre dito elemento, e facendo do mesmo unha árbore xenealóxica.

Con esta actividade reflexionaron sobre o pasado, sobre eles mesmos e os seus vínculos familiares. Con estas observacións, puideron aprender do mundo que lles rodea.

Despóis tocoulle o turno a parte práctica. Julie Mehretu fai obras de grandes dimensións, superpoñendo capas de acontecementos históricos, lembranzas, sensacións e experienciais vitais.



Na clase de 5º de primaria, tras todo o traballo intenso coas emocións, plasmaron nunha folla do seu caderno de debuxo, cos coñecementos técnicos adquiridos, todas as sensacións que viron ó longo deste tempo de compartir e coñecerse para poder formar o seu grupo clase.

No caso do grupo de 4º de primaria, titularon o traballo como “As Cores da nosa vida”. O fío conductor da obra foi a súa cidade, A Coruña, co foco posto no entorno máis próximo, o do barrio e o colexio. Este grupo foi o representante do colexio na **Xornada de “Somos Responsables” de Reflejarte**, celebrada en Santiago o 23 de febreiro.



- **RECURSO DO CORO DAS EMOCIONS:**

Foi implementado cos tres grupos de 5º de primaria por parte do profesor de música, Pedro de Uña Álvarez, e co grupo de 3 anos A en Educación Infantil, pola súa titora Mª Eugenia Suárez González-Vallés. Cada semana lévase a cavo unha das 6 sesións deseñadas polo Programa, buscando mellorar traballar a empatía do

alumnado, o autocontrol, a identificación e expresión emocional e tamén a creatividade.

Na última semana do curso realizaremos o concerto para as familias como actividade de peche do recurso este ano.

#### VALORACIÓN FINAL

A maioría dos profesores implicados no Programa coincidiron en que a obrigabilidade nas datas para facer as actividades foi o que menos gustou. Pero, por outro lado, valoran positivamente os recursos, sobre todo os de Banco de Ferramentas.

O vindeiro curso seguiremos co segundo ano no Programa, adicado ao Desenvolvemento Social.

O obxectivo principal é que sexan máis os profesores que implementen algún recurso, para que o Programa chegue a un número maior de alumnos e alumnas.

#### **15.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO. (ANEXO I)**

## ANEXO I

### LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO

Código de centro: 15021627				
Enderezo: TRAVESÍA DE LOS ROSALES S/N		Concello: A CORUÑA		
Correo electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es		Teléfono: 981-276781		
Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º PR	CASTELLANO	L. CASTELLANA 1º. "PRIMEROS PASOS. PAUTA". SANTILLANA	9788468047416	C
1º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1 ANAYA	9788467865035	C
1º PR	GALEGO	"TECELINGUA" 1º. EDITORIAL XERAIS	9788491213598	G
1º PR	C. NATURAIS	C. NATURAIS 1º "SABER FACER CONTIGO". EDITORIAL SANTILLANA	9788491850373	G
1º PR	C. SOCIAIS	C. SOCIAIS 1º "SABER FACER CONTIGO" EDITORIAL SANTILLANA	9788491850359	G
1º PR	INGLES	NEW TIGER 1. PUPIL´S BOOK MAC MILLAN	9781380011176	I
1º PR	VALORES	VALORES SOCIALES Y CÍVICOS1. CON RAZON. ANAYA	9788467836387	C
1º PR	RELIXION	NUESTRA CASA 1. EDITORIAL S.M.	9788491076445	C
2º PR	CASTELLANO	"SH CONTIGO MOCHILA LIGERA" . EDITORIAL SANTILLANA	9788468047461	C
2º PR	GALEGO	"TECELINGUA" 2º. EDITORIAL XERAIS	9788491213604	G
2º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. ANAYA	9788467874228	C
2º PR	C, NATURAIS	C. NATURAIS 2º "SABER FACER CONTIGO" EDITORIAL SANTILLANA	9788491850366	G
2º PR	C. SOCIAIS	C. SOCIAIS 2º "SABER FACER CONTIGO" EDITORIAL SANTILLANA	9788491850335	G
2º PR	INGLES	NEW TIGER 2. PUPIL´S BOOK. MAC MILLAN	9781380011183	I
2º PR	VALORES	VALORES SOCIALES Y CIVICOS 2. CON RAZÓN. ANAYA	9788467874914	C
2º PR	RELIXIÓN	NUESTRA CASA 2. EDITORIAL S.M	9788491076476	C

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º PR	INGLES	GREAT EXPLORERS 3 ACTIVITY BOOK. OXFORD	9780194507417	I
		SO TERÁN QUE MERCAR O ACTIVITY BOOK DE INGLES		
4º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 4. VICENS VIVES. (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS)	9788468228815	C
4º PR	CIENCIAS SOCIAIS	SOCIAIS 4. VICENS VIVES	9788468228983	G
4º PR	CIENCIAS NATURAIS	NATURAIS 4. VICENS VIVES	9788468228433	G
4º PR	CASTELLANO	LENGUA 4. VICENS VIVES. (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS)	9788468228358	C
4º PR	GALEGO	LINGUA 4. VICENS VIVES (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS)	9788468228679	G

4° PR	INGLES	GREAT EXPLORERS 4 CLASS BOOK . OXFORD (1)	97801945076 84	I
4°PR	INGLES	GREAT EXPLORERS 4 ACTIVITY BOOK. OXFORD	97801945076 08	I
4° PR	VALORES	VALORES 4. VICENS VIVES.	97884682293 24	C

(1) Quen teña o libro antigo de Inglés , o CLASS BOOK Explores 4, **non ten que mercar** o libro novo Great Explores 4 Class Book

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
5° PR		PROGRAMA EDIXGAL		
6° PR		PROGRAMA EDIXGAL		

EDUCACION INFANTIL				
3 ANOS	RELIXION	HOLA JESÚS, aprende y sonríe. EDITORIAL S.M.	9788467587265	C
4 ANOS	RELIXION	HOLA JESUS .aprende y sonrie EDITORIAL S.M.	9788467587272	C
5 ANOS	MATEMATICA (1)	MUCHAS MATES EDUCACIÓN INFANTIL. EDITORIAL ALGAIDA CUADERNO 7	9788498775822	C
5 ANOS	MATEMATICA (1)	MUCHAS MATES EDUCACIÓN INFANTIL. EDITORIAL ALGAIDA CUADERNO 8	9788498775839	C
5 ANOS	MATEMATICA (1)	MUCHAS MATES EDUCACIÓN INFANTIL. EDITORIAL ALGAIDA CUADERNO 9	9788498775846	C
5 ANOS	ESCRITURA (1)	CUADERNOS DE ESCRITURA Y PAUTA MONTESORI CUADERNO NÚMERO 2. EDITORIAL EDELVIVES	9788426371393	C
5 ANOS	ESCRITURA (1)	CUADERNOS DE ESCRITURA Y PAUTA MONTESORI CUADERNO NÚMERO 3. EDITORIAL EDELVIVES	9788426371416	C
5 ANOS	ESCRITURA (1)	CUADERNOS DE ESCRITURA Y PAUTA MONTESORI CUADERNO NÚMERO 4. EDITORIAL EDELVIVES	9788426371423	C

- (1) SÓ PARA OS GRUPOS DE 5 ANOS A E 5 ANOS C (VICKY E MARIA JOSE)  
(2) OS LIBROS DE TEXTO DE INFANTIL DE 3 E 4 ANOS PUBLICARANSE NO MES DE SETEMBRO



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Travesía Los Rosales, 8  
15011 – A CORUÑA  
Tfno. / Fax: 981 276 781 (Edificio Educación Primaria)  
Tfno.: 981 258 528 (Edificio Educación Infantil)  
Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardobazancoruna/>  
Correo electrónico: [ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es](mailto:ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es)

**CEIP Emilia Pardo Bazán**

## CERTIFICACIÓN APROBACIÓN MEMORIA ANUAL

A presente Memoria Anual correspondente ao curso escolar 2017-2018 foi informada nas respectivas sesións ordinarias do Claustro de Profesorado e do Consello Escolar, celebradas o día 28 de xuño de 2018.

Esta Memoria Anual foi aprobada polo Director do centro o día 29 de xuño de 2018.

A Coruña, 29 de xuño de 2018

Vº e Pr.,

O director,

Asdo.: José Manuel García Yanes



O secretario,

Asdo.: Antonio Castiñeira Vázquez